



CONFRARÍA DE CAMBADOS CEN ANOS DE HISTORIA



Confraría San Antonio de Cambados

Xoán Antonio Pillado Silvos

CONFRARÍA DE CAMBADOS CEN ANOS DE HISTORIA

Xoán Antonio Pillado Silvosó

Edita: Confraría de Pescadores “San Antonio” de Cambados

Deseño e montaxe: Adela Leiro Lois

Colaboran: M^a Xosé Cacabelos Domínguez, Mon Daporta

Fotografías: Adela Leiro, M^a Xosé Cacabelos Domínguez, J. Carlos Mariño Balsa, Arquivo Municipal de Cambados, arquivos de Antonio Magariños Compaired, José María Gómez Cruces, Confraría de Cambados, Xoán Antonio Pillado Silvoso, José Daporta Fernández, Ramón Paz Cousido, Elena Otero, Manuel Rovira González, irmáns Fernández Salgado.

Depósito legal:

Imprime: Imprenta Fidalgo, S.L.
Cambados (Pontevedra)

A todas as persoas que fixeron posible estes cen anos de percorrido



Cambados non pode entenderse sen o mar.

Xeracións e xeracións de cambadeses e cambadesas dependeron e dependen del. Convertérono no seu medio de vida, tiveron del o seu sustento e crearon un xeito de facer e dicir as cousas que, convertido en saber e tradición, pasou de pais a fillos ata hoxe.

E a nosa confraría, durante estes cen anos de historia, foi a institución, na que nos organizamos para responder ás nosas necesidades e decidir o noso futuro, tanto en tempos convulsos como en épocas de abundancia.

Cen anos de traballo, moito esforzo, traxedias e ledicias e que contribuíron a forxar a nosa identidade como vila.

Con esta publicación queremos facer unha achega para que ese traballo, ese esforzo e ese saber sexan coñecidos.

Cambados, decembro de 2017

O Patrón Maior

Ruperto Costa Fernández

ÍNDICE


O nacemento. Antecedentes	7
A consolidación dun proxecto	20
A República	33
A Guerra Civil. O Franquismo	47
A Confraría de Cambados na actualidade	75

O nacemento. Antecedentes

O asociacionismo no mundo do mar, o mesmo que noutros ámbitos laborais, ven xa de moi antigo. Na Idade Media xorden os gremios e confrarías, que eran corporacións que agrupaban xentes dun mesmo oficio, coa finalidade de regular as condicións de traballo, de controlar o acceso á profesión, e de manter un equilibrio entre a demanda de obra e o número de obradoiros necesarios, evitando a competencia. Así mesmo os seus membros prestábanse axuda mutuamente, tanto no traballo como noutras circunstancias sobrevidas por enfermidades ou accidentes. As confrarías tiñan un carácter máis relixioso, estaban baixo a advocación dun santo, e organizaban festas, procesións e as exequias dos confrades. Na nosa zona hai constancia documental da creación de gremios do mar no Grove (1771), Portonovo (1772) e Sanxenxo (1806), e aínda hoxe perdura dun xeito simbólico o **Gremio de Mareantes de Pontevedra**.



Basílica de Santa María a Maior, construída no século XVI Gremio de Mareantes de Pontevedra.



Gravado que representa a pesca co cerco real, un aparello comunitario de orixe medieval que se empregaba para a pesca da sardiña dentro das rías.

Coa introdución das novas ideas da Revolución Francesa, de defensa das liberdades individuais, do libre comercio e do progreso, desaparecen os gremios e as confrarías quedarán reducidas á súa función relixiosa. Pola súa banda a Revolución Industrial orixina a aparición dunha nova clase social, o proletariado, con toda a súa problemática de reivindicacións e loitas contra a explotación a que a sometía a clase dirixente da patronal. Para enfrontarse a estas inxustizas, os obreiros agrúpanse nun novo tipo de asociacións, eminentemente combativas, que só responderán á defensa dos intereses de clase, os sindicatos. Sen embargo no mar esta proletarización será máis lenta, debido á supervivencia da pesca artesanal e á introdución tardía do motor de vapor en grandes embarcacións que demandaban xa unha tripulación máis numerosa.



O historiador Dionisio Pereira, gran coñecedor do mundo do mar, moi vencellado a Cambados, onde residiu bastante tempo e desenvolveu unha boa parte do seu labor investigador, di en *Asociacionismo e conflictividade na Galiza mariñeira (1870-1936)* que “A desaparición forzosa dos Gremios de Mar no 1864, e con eles a súa función benéfica, de socorros, e mesmo de ordenación dos recursos, produciu un baleiro xeralizado na capacidade asociativa no mar, e un agravamento das condicións de vida e traballo dos mariñeiros, xa lamentábeis de seu”.

“Vista de Cambados desde Sálvora”,
táboa de José Sánchez Peña, 1919.
(Irmáns Pillado Silvoso)

Esta situación de indefensión da xente do mar, unida ao avance de novas ideas que reclamaban a autoorganización da clase



traballadora para conquistar os seus dereitos sociais, nunha loita de clases fronte ao poder do capital, levou a que sectores e persoas ligadas ao pensamento católico, seguindo as directrices marcadas polo papa León XIII na súa encíclica *Rerum Novarum* (1891), propugnasen a creación de asociacións mariñeiras, recuperando aquel espírito gremial perdido, e que ao mesmo tempo servisen de freo ao nacente sindicalismo de clase, impulsado dende ideoloxías de carácter laico.

Neste aspecto vai ter unha importancia transcendental en Cambados a figura de **Alfredo Brañas**. O ideólogo do rexionalismo galego, escritor, xurista e catedrático de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, pasou gran parte da súa infancia e mocidade en Cambados, onde o seu pai exercía o cargo de rexistrador da propiedade. Na nosa vila dá probas moi cedo do seu activismo en diversas facetas, como a dirección dun grupo de teatro ou a organización das festas da Pastora, que incluso sufraga do seu peto no ano 1890. En contacto coa dura realidade da situación dos mariñeiros, “... *que al enfermar o llegar a viejos se veían privados de todo auxilio, viéndose obligados a mendigar o a morir de hambre y miseria en sus desiertas y desamparadas cabañas...*”, tal como sinala anos despois na *Revista Católica de las cuestiones sociales*; medra a súa conciencia social e funda no verán do ano 1894, baixo a protección e padroado da Virxe da Divina Pastora, a **Asociación Cambadesa de Marineros**, pioneira dun tipo de asociacións mixtas



Alfredo Brañas (1859-1900) nun gravado de 1893.
De Thomás Pijolliu.



de mariñeiros e armadores, cun fondo ideolóxico cristián, que van xurdir nestes anos. Na mesma revista explícanos cales eran as súas intencións: “... *hemos pensado en asociarlos (os mariñeiros), en crear instituciones de ahorro, cajas de retiro para la vejez y sociedades de socorros mutuos*”.

Coa colaboración de Salustiano Vidal Lores, que pouco despois sería alcalde de Cambados, e do médico Eulogio Pomares Leiro, redactan os estatutos polos que se rexerá a asociación “...*que comprende dos fines: 1º. Auxiliarse mutuamente todos los socios marineros tanto en el orden temporal como en el espiritual. 2º. Constituir una Caja de Retiros para los casos de inutilidad física, por edad o por enfermedad*”. Non deixa de chamar a atención, coa mentalidade de hoxe en día, a dupla mutualidade, temporal e espiritual, pero esa era a característica dos antigos gremios que Brañas quere recuperar, prestar tamén asistencia espiritual aos seus membros. Isto valeríalle o comentario retranqueiro do xornal pontevedrés *La Unión Republicana*, que dicía que esta asociación debería chamarse “*La Funeraria*”, porque a súa principal finalidade era “...*dar velas para el velorio y entierro de los que mueren y una cantidad para pagar sacerdotes que asistan a los funerales*”.

Pintura de Lorenzo Leiro que representa a vila de San Tomé



Mais con todo, pasados tres anos, Brañas fai un balance totalmente positivo da iniciativa, tamén no que atinxe ao temporal; e así destaca que nese período de tempo socorréronse, con fondos da asociación máis de 150 enfermos, que se entregaron 2.500 reais ás familias de mariñeiros mortos, que se lle pasa unha paga diaria a bastantes mariñeiros vellos retirados, e que había uns aforros de 14.000 reais que se depositan nunha entidade de crédito.

Non sabemos a duración que tivo esta experiencia nin da actividade que tivo en sucesivos anos. Só temos constancia de que no ano 1904, na peregrinación do Arciprestado do Salnés está presente, xunto co alcalde Francisco González Pardo e o deputado provincial Eugenio Fraga Padín, “...el marinero Barros, como presidente de la asociación de la Divina Pastora que en Cambados fundó el malogrado Alfredo Brañas...” (*Crónica de la peregrinación del Arciprestazgo del Salnés a la Divina Pastora de Cambados*. Tipografía Regional. Tuy). Dionisio Pereira dinos tamén que en 1910 aínda existía. Pero o que si fixo foi deixar o terreo aboado e preparado para que Cambados fose o lugar axeitado onde agromase, en 1917, a primeira experiencia dos pósitos do mar de todo o litoral español; e non só iso, senón que tamén a asociación deixou na súa caixa 6.500 reais, que foron os fondos cos que botou a andar o pósito pescador de Cambados.

Tampouco sabemos o papel que puido ter a *Asociación Cambadesa de Marineros* no conflito das traíñas no período de entre séculos; aínda que si temos constancia, pola información dos xornais da época, da participación de mariñeiros cambadeses nas manifestacións e accións contra as novas artes de pesca que introduciran os fomentadores cataláns. Estas artes caracterizábanse polo seu maior rendemento, xa que unha destas novas redes de cerco podía tomar nun lance unhas cincuenta caixas de sardiña, e a do xeito non pasaba de oito. Con isto estaba claro que a ruína máis dura ameazaba aos xeiteiros da ría de Arousa, e estes mobilizáronse.

En Cambados só había unha fábrica de salga, a de Cándido Carreró Mascato, na ribeira de Fefiñáns, na que traballaban de quince a vinte persoas. Se cadra, isto explique a ausencia de graves incidentes na nosa vila, como si sucedeu noutros portos como



Fábrica de conservas de Cándido Carreró
na Ribeira de Fefiñáns.
Fototipia Thomas (ca. 1910)



O Grove, a Illa ou Vilaxoán con máis e maiores fábricas. Sen embargo os mariñeiros cambadeses, incluso ás veces coas súas familias e barcos, estiveron presentes nas protestas de Meloxo-O Grove en 1897, nas multitudinarias manifestacións de 1900 en Marín e Vilagarcía, e nos graves incidentes de Vilaxoán do 1901, con dezaioito feridos por disparos da Garda Civil. O decreto do goberno de outubro deste ano, limitando a acción das traíñas ao exterior das rías, non deixou de ser un intento de poñer portas ao campo, pois a realidade foi que seguiron operando na ría de Vigo, e en 1904 e 1905 o uso das novas artes de cerco xa estaba xeneralizado en tódalas rías. Apesca artesanal xa ía dando paso á industrial.

O asociacionismo mixto e confesional non tivo un longo percorrido. As dificultades para conseguir o control directo da subhasta polas presións dos intermediarios, a falla de experiencia e a mala xestión interna, ou unhas caixas insuficientes para facer

fronte aos pagos mutualistas, que obrigaba moitas veces ao endebedamento, foron factores que levaron ao seu esmorecemento. Por outra banda a demanda das fábricas de conserva e a introdución do motor de vapor e de gasoil nalgúns portos, como A Coruña, Vigo ou Marín, coa consecuente aparición de barcos que buscan un maior rendemento, máis grandes, con máis tripulación, onde o armador queda en terra ou é unha sociedade anónima, farán que a clase mariñeira tome conciencia proletaria. Xorden, pois, sobre todo nos portos devanditos, as primeiras sociedades de resistencia ligadas xa a organizacións sindicais de clase como a UGT e a CNT, e fórmulanse as reivindicacións que van estar presentes nos sucesivos conflitos: descanso semanal, melloras salariais ou das partes ou quiñóns, reparto do traballo, aumento das tripulacións,

recoñecemento sindical... Nas Rías Baixas varias sociedades coordinan os seus esforzos constituíndo a *Federación Regional de Obreros de la Industria Pesquera de Galicia*, co obxectivo de intervir en temas de ordenación pesqueira. Coa posterior aparición dos pósitos e durante a ditadura de Primo de Rivera, esta actividade sindical manterase ao ralentí; mais, coa chegada da II República, retornará con novos azos.



"Praia do Borrón

Ante a crecente situación de conflitividade social e o evidente desamparo da clase mariñeira, non tardaron en aparecer propostas de solucións de tipo reformista, baseadas no cooperativismo e no mutualismo, afastadas tanto do confesionalismo relixioso do intento de restauración gremial, como da loita de clases das sociedades de resistencia. Así, por exemplo, no País Vasco, Darío de Areitio propoñía que as sociedades de mariñeiros formasen cooperativas non só de consumo e produción, senón tamén de crédito, formando as súas propias caixas de aforros; e Eloy Díez Montoya, en Cantabria, era da idea de que os mariñeiros constituísen sociedades anónimas para a venda da pesca.

Mais o proxecto que vai tirar para adiante, o que tivo mellor acollida na base mariñeira e o que obtivo un decidido respaldo das administracións públicas, foi o que presentou e impulsou o mariño ferrolán **Alfredo Saralegui Casellas**, que dende as axudantías de Lequeitio e Bermeo, entre os anos 1911 e 1913, e dende a comandancia de Almería, nos anos 1914 e 1915, onde estivo destinado, trazou as liñas mestras dos futuros *pósitos de pescadores*. A figura deste interesante personaxe que influíu tan decisivamente na organización do mundo mariñeiro, está ben estudada por Alberto Ansola Fernández, da Universidade de Cantabria, no seu traballo *Una pesca feliz: A propósito de Alfredo Saralegui y sus pósitos de pescadores (1915-1936)*, onde dá as claves do éxito inicial do seu proxecto: “ *Muy probablemente las principales razones de la plasmación de los pósitos, y no de otros planteamientos anteriores o coetáneos, estuviesen en el enorme empeño y propaganda que puso su promotor y en el resguardo que encontraron dichas instituciones bajo el abrigo protector del Estado. Ya no se trataba de un reformismo de ocasión, de pinceladas más o menos gruesas y deslavazadas, sino de un reformismo intervencionista bien articulado y mejor defendido.*”

O nome de *pósito* é tomado dos pósitos agrícolas, institucións municipais con moito arraigamento en Castela, dende a Idade Media ata os séculos XVIII e XIX, que se dedicaban a almacenar cereais e facer préstamos en épocas de escaseza ou necesidade a baixo custe.



Alfredo Saralegui Casellas (1883-1961), creador dos Pósitos de Pescadores e do Instituto Social da Mariña.

A reivindicación deste nome non era tan só pola coincidencia de fins de ámbolos dous tipos de pósitos, ou por unha razón historicista; segundo confesaba o proio Saralegui, senón tamén pola intencionalidade de ter acceso a *“...parte del capital improductivo de la Delegación Regia de Pósitos y del fondo de reserva de esta dependencia, no empleado en personas o fines agrícolas, en la organización de los Pósitos para pescadores”*. O que tiña claro Saralegui é que para que o seu plan fose adiante necesitaba financiamento.

Con teimosía púxose mans á obra. En 1915 presenta o proxecto no Instituto de Reformas Sociais, que lle dá o seu apoio, e no 1916 fai o mesmo ante os ministros de Fomento e Mariña que tamén o respaldan. No ano 1918 dá o paso decisivo para a consolidación do seu proxecto. Como indica Alberto Ansola no seu devandito traballo *“... el incansable Saralegui, mirando de nuevo hacia el sector agrario, en concreto hacia la Caja Central de Crédito Agrícola creada un año antes... presentó el proyecto de creación de una Caja Central de Crédito Marítimo de la Dirección General de Navegación y Pesca. Proyecto que fue aprobado al año siguiente, y con el que se apuntalaba la propia estructura de los pósitos y la protección estatal de los mismos”*.

Asegurada xa, e posta en marcha, unha necesaria e sólida base lexislativa, administrativa e financeira, Saralegui, con verdadeiro espírito de misionero, lánzase por toda a xeografía española ao duro labor de proselitismo e creación de pósitos en tódolos portos posibles, que xa empezara o ano anterior, aproveitando as campañas nas costas de Galicia que estaba a levar a cabo o Instituto Oceanográfico, no que traballaba daquela.

E aquí é onde atopamos un testemuño do propio Saralegui, do seu puño e letra, nunca mellor dito, pois trátase dun manuscrito, dado a coñecer por Alberto Ansola, no que se demostra que o de Cambados foi o primeiro pósito que se constituíu en todo o ámbito estatal, e que algunhas voces poñían en dúbida. Di Saralegui: *“como el ministro don Augusto Miranda me puso a las órdenes de don Odón de Buen, y con éste iba a campañas oceanográficas en Galicia, empecé mi propaganda de Pósitos por las rías gallegas,*

constituendo algunos, **el primero el de Cambados**, que se llamó de la Ría de Arosa en el año 1917 y otro en Teis (Vigo) que tuvo poca vida. En el año 1918 el de Vigo y por cartas conseguí que se constituyeran los de Altea, Cartagena y Tortosa, y en 1919, los de San Fernando, Santa Pola, Águilas, Campillo, San Carlos de la Rápita, Muros, Isla Tabarca, Carril, Rianjo y Puerto de la Selva”.

Para que en Cambados prendese tan pronto a idea da creación dun pósito pescador, é de supoñer que sería porque aquí se tiñan que dar unhas condicións favorables. Por unha banda, podemos dicir que o terreo estaba aboado pola experiencia que levou a cabo Alfredo Brañas. Non cremos que os mariñeiros de Cambados prestasen oídos a unha nova iniciativa de asociacionismo, similar en bastantes aspectos á *Asociación Cambadesa* que el fundou, se o único recordo que tivesen fose o de que só daba cirios para os enterros. Algo máis habería. Se os balances triunfalistas que presentaba Brañas aos tres anos da súa posta en funcionamento eran reais e seguiron na mesma liña; e o fracaso, se o houbo, foi por outros motivos, hai que pensar que os mariñeiros cambadeses mirarían con esperanza este novo intento de regularizar as súas condicións de vida.


Por outra parte, neste proceso de creación do **Pósito Pescador de Cambados** vai xogar un papel importante, como impulsor e líder, o novo avogado cambadés **Juan Salgado Pérez**, fillo de Ramón Salgado Betanzos, avogado e xuíz municipal en Cambados, oriundo de Paradela de Meis. Juan Salgado, xunto cos seus irmáns Tomás e Ramón, destacan dende moi novos polo seu activismo político de carácter conservador reformista, ligado sobre todo ao agrarismo e á loita antiforal, na que levaron a defensa de numerosos labregos implicados en incidentes. Co tempo, Juan sería alcalde de Cambados, durante a Ditadura de Primo de Rivera, Ramón ocuparía un escano no Congreso dos Deputados polo Partido Radical, durante a República, e Tomás desenvolvería, tamén neste período, o cargo de gobernador civil de Tenerife.

Mentres a actividade de Tomás e sobre todo a de Ramón se centra nas organizacións agrarias do Salnés, e na dirección do xornal agrario pontevedrés *La Raza* por parte deste último; Juan,



Juan Salgado Pérez (1885-1978), no seu despacho de avogado.
(Arquivo familiar dos irmáns Fernández Salgado)





Priomeira páxina
do orixinal do
Reglamento do
Pósito.
(Arquivo da Confraria)

que xa promovera en Cambados a constitución da *Xuventude Maurista*, fai xuntanzas preparatorias cos mariñeiros e redacta o *Reglamento del Pósito Pescador de la Ría de Arosa*, que vai ser así como se denomine, xa que este pretendía ser o ámbito de actuación da nacente asociación. Porque se ambicioso era este obxectivo, tamén o eran os que se sinalaban no artigo 2º do devandito regulamento: *“Organizar convenientemente la venta de los productos de la pesca; procurar a los pescadores asociados con muy módico interés las cantidades que precisen para la conservación y entretenimiento de sus embarcaciones y artes; facilitarles la compra de todos los efectos que para ello necesiten en condiciones garantizadas de precio y calidad y por último procurarles socorros en la vejez e invalidez.”* Para a consecución destes fins, no regulamento, amais de cuestións de goberno interno e de dereitos e deberes dos asociados, establécese que *“...la Junta de Gobierno se dividirá en las secciones que a continuación se expresan, las cuales se irán organizando por el orden en que está expuestas a medida que lo permitan los fondos de que la Sociedad disponga // Sección*

1ª Socorros mutuos

// idem 2ª Venta de

los productos de la

pesca // idem 3ª

Caja de préstamos

// idem 4ª Coope-

rativa // idem 5ª

Montepío”. A data

de redacción do

regulamento é o 27

de outubro de 1917,

e un mes despois, o

27 de novembro, é

aprobado polo

Goberno Civil.



Unha escea do peirao de Cambados. Fototipia Thomas(ca 1910).

Volvendo á obra *Asociacionismo e conflictividade na Galiza mariñeira* (1870-1936) de Dionisio Pereira, este dinos que “Cambados inaugurou o primeiro Pósito de todo o litoral español o 17 de decembro de 1917, espallándose arreo o seu exemplo polas Rías de Arousa e Muros, ámbalas dúas cunha pesca artesanal maioritaria e cativa presenza societaria de clase...” Desta inauguración temos tamén noticia polo xornal vilagarcían *Galicia Nueva*, de data 3 de xaneiro de 1918, que nos fala do “entusiasmo en la clase marinera por la constitución de la sociedad Pósito Pescador de la Ría de Arosa”, presidida por Juan Salgado. A celebración da inauguración non estivo exenta de solemnidade, e o cronista fálanos dunha banda de música que percorre as rúas de Cambados e do disparo de foguetes, pechándose os actos, ás sete da noite, no local da sociedade, con discursos de Juan e Ramón Salgado nos que

Unha escea do peirao de Cambados.
Fototipia Thomas (ca 1910).



destacan con triunfalismo que xa se conseguiu que o peixe ao desembarcar teña prezo, que os vendedores entregarán á sociedade o 1% da venda diaria e que o Pósito xa conta con máis de 400 socios. Se a isto lle engadimos os “...6.500 reais que aínda tiña aforrados a finada Asociación de Brañas...”, (Dionisio Pereira. *Guerras da sardiña e agrupacións mariñeiras no Cambados dos tempos idos*), e unha subvención de 2.000 pesetas, a mesma cantidade que se lle concede tamén aos pósitos de Teis, Redondela e Cangas, segundo informa o *Diario de Pontevedra* o 8-1-1918; a andaina do pósito cambadés non puido empezar con mellor pé.

O local no que a nova sociedade establece en principio o seu **domicilio social** sinálase na redacción do artículo 4º dos estatutos: “*El domicilio social radicaré en la casa de que es dueño Don Benito González Núñez, sita en la Travesía del Muelle, edificio que no tiene número*”. No ano 1917 denominábase *Travesía del Muelle* o tramo urbano da recén construída estrada de Gondar a Vilagarcía, hoxe Avenida de Galicia. A devandita casa fora reedificada uns anos antes no lugar que ocupaba un alfolín de sal, e na que anos máis tarde estivo a ferraxería Lemón e a droguería Montero. O contar cun edificio propio foi unha teima que tiveron dende o principio os responsables do Pósito, encamiñando a tal obxectivo tódolos seus esforzos.



As Goritas e San Tomé

Anaco dunha postal editada por Fototipia Thomas arredor de 1915.

Á esquerda o cine Variedades, a continuación o Casino (con toldos) e o Pósito (con balaustrada);



A consolidación dun proxecto

A década dos anos vinte foi a da expansión e consolidación dos pósitos. Dende un principio Saralegui é consciente de que, para que un proxecto tan ambicioso como o que el trataba de poñer en marcha tivese éxito, compría contar cun bo financiamento. Habilmente, en primeiro lugar, intenta que os ministerios de Fomento e Marina se poñan de acordo para que os pósitos pescadores teñan acceso, ao igual que os pósitos agrícolas, aos fondos da Delegación Regia de Pósitos. O intento falla, mais Saralegui, cunha fe no seu proxecto a proba de calquera contratempo, consegue que no ano 1919 se cree a *Caja Central de Crédito Marítimo*, a semellanza da de Crédito Agrícola, para que os pósitos do mar puidesen contar cun respaldo que garantise o seu futuro. Este organismo, que non só era unha “cooperativa de crédito popular”, senón que entre os seus fins *“persigue el fomento de las industrias pesqueras, y el progreso y mejora social de los obreros dedicados a ellas, a las derivadas, anexas y a todas las de carácter marítimo”*, co tempo daría lugar ao *Instituto Social de la Marina*, creado por Decreto do 26-2-1930.

Vista da punta sur do peirao de Cambados pouco despois da súa inauguración en 1911.
(Foto Pedro Ferrer)



Por outra banda a situación política é claramente favorable para a expansión e implantación dos pósitos. A Ditadura de Primo de Rivera, nacida en setembro de 1923, cuns sindicatos aletargados, cando non desactivados, vai facer unha aposta decidida polo modelo corporativista que representaban os pósitos, onde armadores e mariñeiros conviven nunha mesma organización para arranxar os seus problemas, o mesmo que tiñan que facer patróns e obreiros.

No mar a situación non é moi optimista. A época entre os anos 1917 e 1924 foi de escaseza de sardiña e de penurias económicas, o que ocasionou protestas sociais e emigración a América. A flota cambadesa, moi dependente da sardiña, tenta diversificar as capturas coa introdución de novas artes e embarcacións, como o trambolín, que veu de Cangas; e os mariñeiros de San Tomé masivamente piden ao comandante de Mariña a autorización para traballar coa rapeta. É o tempo da decadencia das grandes traíñeiras que son substituídas polos racús, equipados con aparellos de cerco máis pequenos e axeitados para largar na pedra, ao xurelo ou á xarda. Para poder ir á sardiña, que xa non se atopaba pola ría, nos anos 1922-23 aparecen os primeiros motores en Cambados, dez anos máis tarde ca noutros portos da ría. Os primeiros motores, de gasolina, montáronse en racús e vellas traíñeiras.

O **peirao de Cambados**, que se inaugurara na década anterior, vaise pouco a pouco dotando de melloras, ante o medre da pesca desembarcada, incluso dende outros portos. A construción dunha lonxa é unha necesidade perentoria que, como veremos, tardará en materializarse. Cambados era lugar principal dende onde se mandaba pesca en fresco para Pontevedra e Madrid. Incluso había unha fábrica de xeo montada polo principal exportador galego de peixe en fresco, *Pescaderías Coruñesas*.

No ano 1919 entra en funcionamento o faro na punta sur do peirao, tan necesario para a seguridade da navegación; e no 23, por Real Orde, habilitase tamén o porto de Cambados para a navegación de cabotaxe, posibilitando polo tanto o tráfico de galeóns e balandros que levan e traen sal, leña, tellas, ladrillos e outros materiais, co conseguinte beneficio no comercio local. Entre os anos 1926 e 1930 amplíase o peirao de San Tomé, pero Obras Públicas desestima a petición de arranxar o de Cambados, por non ser de interese xeral nin de refuxio, polo que, ou o Concello ou o Pósito, teñen que aportar un 25% para a realización das obras. O Concello acorda (28-9-1929) facer esta achega, pero non recibe contestación.

A nova situación do porto de Cambados, cunha evidente mellora dos seus servizos, co aumento da pesca desembarcada e coas necesidades dunha flota que medra, é motivo suficiente para que no ano 1924, tanto o Concello como o Pósito, retomen unha vella demanda municipal do ano 1918, solicitando a creación dunha Axudantía de Mariña en Cambados, petición que tardaría máis de corenta anos en ser atendida.



Galeón atracado na da Punta sur do peirao de Cambados, ao pé da farola.
(Foto Manuel Otero)



Foto da punta sur, coñecida como a punta da farola, feita polo xuíz de Cambados (1924-1933) José Bellver.

Os primeiros pasos

No pósito de Cambados, despois de catro anos de presidencia do avogado fundador Juan Salgado, en 1921 é nomeado presidente por primeira vez un mariñeiro, **Francisco Otero Pontevedra**, a quen Antonio Magariños Granda, mestre e asesor do Pósito, usando palabras de Cabanillas, sacadas do seu artigo *Flor y espejo de marinería* da revista *Mar* (1939) define como “*hombre de quiñón, de mano encallecida por el remo, noble en su ademán, agudo en su relato, viejo patrón, de habla reposada y sentenciosa, de pulcra sotabarba y rudo porte, más que obedecido reverenciado*” (Pósito de Pescadores de Cambados. Memoria 1940).



J. Francisco Otero Pontevedra, primeiro mariñeiro en ser presidente do pósito (1921).
(Foto Arquivo Confraría de Cambados)

Nesta década tamén son nomeados presidentes do *Pósito Pescador de la Ría de Arosa*: **Jesús Romero**, **Pablo Millán Bugallo Señor Paulos** (1925), **José Otero Lois** (1926), **Elías Núñez Dozo** (1927), **Antonio Cacabelos Ojea** (1929) e **Juan Cacabelos Búa** (1930).

Unha das primeiras preocupacións do recién inaugurado Pósito foi a creación dunha sección de *Socorros Mutuos* “...para la organización, inspección y administración de los auxilios a los asociados y sus familias, en todo lo relativo a la higiene, enfermedades y muerte y para los casos de paro forzoso...”, tal como dicía o artigo 43 do Regulamento do Pósito. Segundo nos informa a revista *España marítima y pesquera*, órgano oficial do mutualismo marítimo, no seu número de 30-9-1929, o Pósito de Cambados, nas anualidades de 1918 a 1928, rexistrara un ingreso de 23.800 pesetas na Sección de Socorros Mutuos, procedentes das cotas mensuais de cincuenta céntimos (16.879 ptas.), aportadas polos asociados, e das subvencións da *Caja Central de Crédito Marítimo* (6.991 ptas.). Nese mesmo período, deses fondos distribuíronse 21.044 pesetas, do seguinte xeito: 17.644 en dietas de enfermidade, 1.700 en socorros de maternidade e 1.700 en subsidios de defunción.


Nesta etapa na que o Pósito se atopa plenamente ocupado en tarefas de organización e consolidación, é o Concello, presidido agora por aquel mozo avogado que fora o impulsor e primeiro presidente do Pósito, Juan Salgado Pérez, o que toma a iniciativa para a construción da lonxa.

En sesión plenaria do 25 de febreiro de 1925 o Concello aproba o proxecto de *Lonja de Contratación, Mercado y Matadero*, redactado polo enxeñeiro Rafael Picó; pero, como veremos máis adiante, a construción da lonxa e o seu financiamento pasarían por unha chea de atrancos que retardarían a súa posta en funcionamento máis de vinte anos.

A construción dun local social propio

Aínda que nos estatutos fundacionais do *Pósito Pescador de la Ría de Arosa* establecíase que o domicilio social da nova sociedade sería na casa propiedade de Benito González Núñez, na Travesía do Muelle, os seus dirixentes tiveron moi claro dende un principio a necesidade de ter un local propio no que poder levar adiante as súas actividades.

Unha das grandes preocupacións que tiña o fundador dos pósitos, no seu labor rexeneracionista da clase mariñeira, era a de cómo enfrontarse ao grave problema do alcoholismo, que atinxía todo o litoral español; Saralegui idea a creación dunha institución que chama *Casa del Pescador*, e que define no regulamento tipo dos pósitos como “... el local en el que se lleva a cabo la acción moral y educativa de la sección cultural, orientada preferentemente en el sentido de la lucha antialcohólica...”, aspecto este que tamén lle preocupaba moito a Brañas, cando ao fundar a súa *Asociación Cambadesa* en 1894 dicía que os mariñeiros de Cambados, que pasaban toda a semana a bordo dos seus barcos, máis alá de Sálvora, ao volver “... suelen ir a las tabernas donde consumen en infame e incendiario aguardiente de caña, vino y licores, casi toda la ganancia de la semana”. Aínda que estas dúas citas poden dar unha visión parcial dun problema exclusivo nun determinado sector, hai que sinalar que nesta época a mesma situación se daba tamén, por exemplo, entre os mineiros de Asturias ou as masas obreiras de Cataluña e País Vasco.



Nestes terreos gañados ao mar construíuse o Pósito, a Cultural e a Rúa Nova

Nas Casas do Pescador ideadas, e idealizadas, por Saralegui habería “... conferencias de divulgación, representaciones teatrales, proyecciones cinematográficas, conciertos... sala de lectura, biblioteca...” Mais a nova sociedade mariñeira de Cambados quería un edificio para algo máis, tamén quería instalar unha lonxa, unha escola... e que, en certo modo, funcionase como unha sociedade recreativa para os seus asociados. E o antigo alfolín reconstruído alugado a Benito González non daba para moito máis.

O primeiro intento faise un ano despois do nacemento do pósito, o 28 de xaneiro de 1919, cando Juan Salgado, como presidente, diríxese ao Concello solicitando para domicilio social a concesión por quince anos do que fora edificio do *Salón Variedades*, situado nunha parcela municipal, que estaba en estado ruinoso por mor dun incendio que sufrira un ano antes, comprometéndose a mantelo tamén para espectáculos públicos.



Esta petición é moi probable que tivese como finalidade o cortar outro proxecto presentado uns meses antes no Concello pola sociedade bancaria *Hijos de Francisco Deza*, de Vilagarcía de Arousa, “...haciendo proposiciones para construcción de una Lonja en el Salón Variedades de este pueblo y proyecto de una definitiva, conforme a las condiciones que en dicha solicitud se detallan...” Porén a corporación municipal non debía ver moi clara a proposta, pois por dúas veces o asunto queda sobre a mesa para ser estudado con máis vagar por unha comisión. Non sabemos se os membros da corporación sospeitaban algo, ou se foi por casualidade, pero o caso é que un par de anos despois a banca de *Hijos de Francisco Deza* creba e os seus xerentes Valeriano e Epifanio Deza García ingresan no cárcere de Cambados, acusados de estafa.

As conversas entre Pósito e Concello non prosperan, e este, que tiña outros plans, que era facer a lonxa conxuntamente coa praza de abastos e o matadoiro nun espazo máis amplo, decide darlle a concesión do *Salón Variedades* ao empresario José López Rodríguez, que o reconstrúe retomando a actividade cinematográfica con notable éxito.

Nos seguintes anos o pósito debeu estar barallando distintas opcións para a súa sede, antes da definitiva no emprazamento actual, pois aínda no ano 1925 a prensa (*El Pueblo Gallego*) informaba no mes de xullo que a xunta xeral acordara a construción dun edificio, pero que “...en caso de que fuese posible encontrarlo hecho que reúna las debidas condiciones, la general propuso su adquisición, con cargo a los fondos sociales...” Sen embargo, uns meses máis tarde, en novembro, o mesmo xornal informaba que “...Con objeto de construir un nuevo edificio para el Pósito Pescador en uno de los solares de la carretera nueva, están trazando los planos los señores Mouriño, Leiro y Pérez...” En efecto, a corporación municipal cambadesa, en sesión plenaria do tres de novembro deste ano, a petición do presidente do Pósito Pablo Millán Bugallo, que tamén era concelleiro, tomaba o acordo de cederlle gratis unha parcela situada nos terreos gañados ao mar coa construción da estrada de Gondar a Vilagarcía e do peirao de Cambados; e o dez de xaneiro do seguinte ano 1926, o novo presidente do Pósito, José Otero Lois, asinaba a escritura de cesión, na que se estipulaba que as obras empezarían no prazo de catro meses e concluirían no dun ano, o que co tempo quedou nunha simple declaración de intencións, como veremos máis adiante.

Estes terreos pasaran a ser propiedade municipal dende o ano 1911, e o Concello, co obxecto de sanear e urbanizar a zona, procede entre os anos 1921 e 1930 ao seu alleamento, ben por venda directa, por subhasta ou por cesión gratuíta. O *Pósito Pescador de la Ría de Arosa*, o mesmo que anos despois a *Sociedad Benéfico-Cultural Trabajo e Industria*, por tratarse de entidades de interese público, solicitan, e obteñen, a cesión gratuíta de senllas parcelas, que marcarán a apertura da futura rúa Nova.

Conseguido o terreo e redactados os planos, no mes de abril de 1927, durante varios días, publícanse anuncios na prensa de que están a exposición no local do Pósito os planos da obra, para que os contratistas que estean interesados presenten as súas ofertas ata o primeiro de maio. A proposta do mestre de obras Segundo Pérez Méndez é a aceptada pola directiva do Pósito, e o 19 de xullo, festa do patrón San Antonio, asínase o correspondente contrato. Nel estipúlase o prezo da obra en trinta e dúas mil cincocentas pesetas, diversas cuestións técnicas e o prazo dun ano para a súa terminación.

Pósito Pescador-Cambados

Se hallan expuestos en las Oficinas del Pósito de Cambados los planos del Edificio Social de esta Sociedad. Los señores contratistas pueden presentar bajo sobre cerrado, que serán luego abiertos ante Notario, y hasta el primero de mayo próximo a las doce del día, las condiciones y precios en que realizarían la construcción del mismo.

Anuncio das obras do Pósito publicado en “El Pueblo Gallego” durante o mes de abril de 1927





O escultor Narciso Pérez (1904-1930) participou no proxecto e nas obras do Pósito.

Vista do malecón das estrada na zona onde logo se construíu o edificio do Pósito.

Mais, a obra sufriría varios retrasos, tanto no inicio como na terminación, pois o 30 de agosto o presidente do Pósito, Elías Núñez Dozo, solicita ao Concello unha prórroga de tres meses para empezar, que lle é concedida, e o remate das obras aínda botaría a máis de dous anos. É de supoñer que a construción do edificio nuns terreos non moi idóneos, ao tratarse de marismas, coas súas dificultades técnicas, sería o motivo do retraso das obras e, como non, tamén do incremento do orzamento das mesmas.

Nunha reportaxe periodística do ano 1933, o asesor Magariños sinalaba o custe final das obras en corenta e sete mil setecentas pesetas. E anos máis tarde, noutra crónica recordatoria daquel momento tan importante, no *Faro de Vigo* dicía: *“En 1930, el Pósito de Pescadores de Cambados inauguró, costeando con sus fondos, sin la menor subvención oficial, su edificio social siendo el primer Pósito de Pescadores de Galicia que contaba con domicilio propio.”*

Na construción do edificio é de destacar a presenza do escultor Narciso Pérez, valiosa promesa da arte galega, morto prematuramente no mesmo ano da inauguración, fillo do contratista Segundo Pérez, que participou nos traballos de deseño previos, e tamén na execución material dalgúns elementos, como as columnas clásicas da fachada principal e outros elementos decorativos da fachada do ático.



As asembleas de pósitos

Factor importante para a consolidación do proxecto de Saralegui era a cohesión entre os seus actores, que os nacentes pósitos non se sentisen sos e desamparados, que se apoiasen mutuamente e que levasen adiante accións conxuntas, intercambiando ideas e experiencias.

A nacente rede estatal de pósitos vaise organizar en federacións rexionais e comarcais. As primeiras abarcarían o espazo físico que hoxe, máis ou menos, comprende unha comunidade autónoma; e as segundas corresponderíanse, tamén aproximadamente, co ámbito dunha comandancia de Mariña ou, como no caso galego, co dunha ou varias rías. **A Federación de Pósitos Marítimos de Galicia** constitúese en 1925, e na asemblea que celebra no 1929 en Fisterra acorda a creación de catro federacións comarcais: a das rías de Vigo e Pontevedra, a das rías de Arousa e Muros, que presidirá Antonio Magariños, a da provincia marítima da Coruña e a da provincia marítima de Ferrol. En 1927, as dez federacións existentes en todo o ámbito estatal celebran unha asemblea en Madrid, e acordan formar a **Confederación Nacional de Pósitos Pescadores Marítimos y Marítimo-Terrestres**.

Estas federacións son as encargadas de organizar asembleas nos seus respectivos ámbitos xeográficos, como xeito de xuntar esforzos e de abrir debates sobre os temas de maior interese para o colectivo mariñeiro. Entre os anos 1925 e 1936 celébranse unhas dez asembleas da Federación Galega en distintos lugares, como Vigo (1926), Vilagarcía (1927), Vigo (1928), Fisterra (1929), Ferrol (1930), Santiago (1932), A Coruña (1933), Vigo (1934), Celeiro (1935); amais de varias comarcais. Os temas tratados son variados, e aínda que destacan aqueles de carácter asistencial, como os seguros de enfermidade, accidentes, invalidez e vellez; ou os económicos, como a venda directa, a formación de cooperativas de consumo ou de produción; non deixan de ocupar menos atención por parte dos asembleístas outros, como o bo funcionamento das escolas, con dotación de persoal e material suficiente, a construción de casas baratas, a regulación das artes e vedas, e mesmo o conseguir que tódolos pósitos teñen un local social propio.



Portada da revista “España marítima”,
órgano oficial dos Pósitos, do 30-5-1927.



Lápida en homenaxe a Saralegui, incrustada nun con do Cabo de Fisterra, feita por Francisco Asorey.

En tódalas asembleas está constatada a presenza de representantes do Pósito de Cambados, e en moitas delas cunha participación moi activa. Na II Asemblea da Federación de Pósitos de Galicia, inaugurada o 20 de agosto de 1926, na Cámara Oficial de Comercio de Vigo, o mestre Antonio Magariños, representante do pósito cambadés, presidido nestas datas por José Otero Lois, ten unha destacada actuación na ponencia sobre escolas, sendo elixido, ao remate da asemblea, secretario-contador do comité executivo da Federación, presidida por Joaquín del Valle, de Vilaxoán, que se encargarán da preparación da asemblea do ano seguinte, a celebrar en Vilagarcía de Arousa.

Na asemblea de Vilagarcía, como na celebrada en Madrid uns meses antes para constituír a *Confederación Nacional*, e como nas dos anos seguintes en Vigo (1928) e Fisterra (1929), Magariños volve dar mostras do seu activismo, participando non só en cuestións escolares, senón tamén noutras, actuando como secretario da mesa presidencial na asemblea de Fisterra, onde é elixido presidente da recén creada *Federación Comarcal*, como vimos anteriormente. Nesta asemblea tamén ten unha participación destacada o presidente do Pósito de Cambados, Antonio Cacabelos Ojea, que preside a sección primeira, sobre organización, e intervéñ nos debates da segunda, sobre mutualidades e seguros. Pero en Fisterra houbo máis protagonismo cambadés, fóra das sesións asemblearias. Coincidindo coa celebración da asemblea galega, tódolos pósitos de España fanlle unha homenaxe a Alfredo Saralegui, descubriendo nun dos cons do cabo unha placa laudatoria feita polo artista cambadés Francisco Asorey.

Mención aparte merece a **Asemblea da Federación Comarcal das Rías de Arousa e Muros** que se celebrou en Cambados o sete de setembro de 1930, presidida polo mesmo Saralegui, acompañado polo presidente do Pósito cambadés, Juan Cacabelos Búa e o presidente da federación comarcal, Antonio Magariños. O motivo da asemblea, precedida por unha campaña de prensa respaldada por *El Pueblo Gallego*, *Faro de Vigo*, *Galicia Nueva* e incluso polo diario madrileño *El Sol*, foi o tratar do problema do emprego da dinamita na pesca. Na asemblea acórdase por unanimidade demandar medidas rixidas de control da venda de explosivos, rexistro polos celadores de porto dos barcos antes de saír ao mar, fortes sancións económicas con amarre de barco a armadores e patróns que empreguen explosivos, e facer unha campaña informativa

UNA MEJORA IMPORTANTE

Las escuelas de los Pósitos pasarán a ser nacionales

Mientras los eternos detractores de toda obra constructiva y beneficiosa para nuestras clases marítimas pierden el tiempo gritando en medio del silencio, y donde hacen a parar por su culpa, la obra de los Pósitos sigue adelante, cada vez con mayor pujanza, gracias al apoyo decidido que le presta la Caja Central del Crédito Marítimo y, en particular, el capilar director de todo ello, nuestro amigo D. Alfredo Saralegui.

Hoy hemos de dar cuenta a nuestros lectores de algo que, por su importancia, merece nuestro más entusiasta aplauso. Se trata de la publicación de un Real decreto ordenando que pasen a ser nacionales las 118 escuelas creadas por los Pósitos de Pescadores Marítimos y Marítimo-Terrestres, en donde reciben enseñanzas cerca de diez mil niños.

Es aquí el texto íntegro del Real decreto de la Presidencia:

•PRESIDENCIA DEL CONSEJO DE MINISTROS
REPUBLICAN
«Séase: La Caja Central del Crédito Marítimo sostiene 118 escuelas en las que 9.200 alumnos reciben, a más de la instrucción primaria de las escuelas nacionales, los conocimientos elementales de pesca y navegación.

«En las conclusiones de la Asamblea de los Pósitos marítimos y en la Real orden que el Ministerio de Marina dirigió al de Instrucción Pública y Bellas Artes, se pidió y propuso que las vacantes de maestros de aquellas escuelas se cubrieran con los comprendidos en el Escalafón general del Magisterio, pasando así lentamente esas escuelas a ser nacionales, sin que por ello pierdan sus características, aquel carácter marítimo, y sea la Caja Central de Crédito proporcionando el material necesario y continué ejerciendo su acción protectora de las mismas.

«La enseñanza debe tener en todos sus grados y clases un carácter de formación ciudadana y ser siempre preparación para la vida; pero donde esta preparación y aquel carácter exigen mayor precisión y firmeza es en las escuelas nacionales, que modelan y preparan la gran masa de la niñez que no han de seguir después estudios superiores.

«Así no sólo la escuela prepara mejor a la niñez para la vida, sin que con esos conocimientos especiales se desarrollan los aptitudes a los trabajos propios de cada lugar, estimulando hacia ellos a la juventud. Y la fábrica y el taller, la industria y el comercio, el campo y el mar, tendrán los hombres que necesitan para que esa fuente de riqueza nacional den su debido rendimiento.

«España, por su situación geográfica, tiene en el mar una de sus más ricas fuentes de utilidad nacional. Y las escuelas del litoral son, con aquel carácter marítimo de sus enseñanzas, las que deben desarrollar aptitudes y templear espíritus para la vida marítima, atendiendo convenientemente a tales escuelas el carácter que hoy ya tienen las de los Pósitos marítimos, y que éstas se vayan convirtiendo en nacionales en la forma y modo que estimó el Ministerio de Marina.

«Por todo ello, el Presidente del Gobierno, de acuerdo con el Consejo de Ministros, tiene el honor de someter a V. M. el siguiente proyecto de decreto.

«Santander, 15 de Agosto de 1927.—Señor: A los Reales P. de V. M., Miguel Primo de Rivera y Orbeano.

REAL DECRETO

Núm. 1.394

«Conformándose con las razones expuestas por el Presidente del Consejo de Ministros, y de acuerdo con este:

«Visto en decreto lo siguiente:
«Artículo 1.º Las escuelas de primera enseñanza de los Pósitos marítimos, sostenidas e inspeccionadas por la Caja Central de Crédito Marítimo, pasarán a ser nacionales, a medida que cesa en ellas los actuales maestros y sea solicitado por dicha Caja Central.

«Art. 2.º Al convertirse estas escuelas en nacionales, todas las excepciones referentes a los locales para su instalación y material, así como la casa habitación del maestro, serán a cargo del Ayuntamiento en que están emplazadas, si el número de las escuelas que en él hubiere fuese menor al que les correspondiera con arreglo a la Ley, y en caso contrario, tales atenciones serán con cargo a la Caja Central de Crédito Marítimo.

«Art. 3.º La enseñanza de estas referidas escuelas seguirá siendo la primaria nacional, con una franca orientación marítima y pesquera, y el plan y programa de estas últimas, se redactará de nuevo acordado por la Dirección general de Primera Enseñanza y la Caja Central de Crédito Marítimo, y sirviendo como base de su estudio el plan y programa que rige en las escuelas establecidas en los Pósitos marítimos.

«Art. 4.º A medida que vayan convirtiéndose en nacionales las escuelas de los Pósitos marítimos, se procurará por el Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes entre nuestros nacionales, mediante un curso acerca de los especiales conocimientos ma-

A escola de Cambados inaugúrase o 15 de setembro de 1924, rexentada por un mozo mestre, Antonio Magariños Granda, fillo de Antonio Magariños Pastoriza, director da Escola Graduada. O periódico vilagarcían *Galicia Nueva* fainos unha extensa crónica do solemne acto, na que nos di que asisten cincuenta alumnos e que, despois dos discursos do mestre, do alcalde, do cura párroco e do delegado gubernativo, “...Cerró la grandeza de aquel acto un hermoso canto a la lengua gallega pronunciado por el señor Comandante de Marina siendo muy aplaudido...” Asina a crónica *Marisol*,seudónimo empregado por Antonio Caamaño Bournacell, que anos máis tarde tamén sería mestre nesta escola. A escola empezou funcionando no local social que lle tiña alugado o Pósito a Benito González Núñez, e cando se construíu o novo edificio pasou a ocupar a planta alta.

Como xa vimos anteriormente, **Antonio Magariños**, o mesmo ca maioría dos mestres dos pósitos, tamén facía labor de asesor da xunta directiva en temas de xestión burocrática e administrativa, redactando actas, escritos, memorias, balances... Gran admirador da figura de Saralegui e plenamente convencido da bondade do seu proxecto de pósitos, convértese nun adalide da causa, participando activamente en tódalas asembleas; informando, opinando e facendo verdadeiro apoloxismo dende a súa plataforma como correspondente en Cambados do xornal vigués *El Pueblo Gallego*, da revista *España marítima y pesquera*, de Madrid, e do xornal *El Correo de Galicia*, órgano oficial da colectividade galega na República Argentina; ou dando charlas e conferencias, tanto no propio pósito cambadés coma noutros (A Illa, Ribeira...). Promove a creación dunha biblioteca no edificio social cando se inaugura, e a través de xestións persoais consegue o envío de dúas bibliotecas do Padroado das Misións Pedagóxicas, para uso tanto de nenos coma de maiores.

En 1934 trasládase á Coruña, onde o sorprende a sublevación militar do 36. Por ter antecedentes de colaboración coa UGT, é depurado polo novo réxime e suspendido na súa profesión. Aínda que apartado do ensino oficial, neste tempo retoma o contacto co Pósito de Cambados, onde desempeña a función de oficial-asesor co seu habitual activismo, asistindo a asembleas, colaborando na prensa, e organizando en 1937 unha nova *Federación Gremial de Pósitos Marítimos del Oeste de España*, con residencia oficial en Cambados, da que é nomeado secretario. En 1942 reingresa no Corpo de Mestres de Ensino Primario e é destinado a Pedrafita do Cebreiro.



Antonio Magariños Granda cos seus alumnos da escola sita no primeiro local social.

Cando no ano 1934 Magariños se despraza á Coruña, a súa vacante é ocupada por José Carballo Valcarce, procedente da Golada. Despois do levantamento militar o Pósito é clausurado, así como tamén a súa escola, pasando no mes de setembro mestre e alumnos a incorporarse á Escola Graduada do Convento. Máis adiante, coa reapertura do Pósito, volve funcionar a escola, e no mes de febreiro de 1937 é nomeada mestra con carácter interino María del Carmen López Baamonde. Posteriormente, nesta interinidade é substituída a causa dunha enfermidade, en decembro de 1938, por Manuel García Mansilla.

En xaneiro de 1940, despois de aprobadas as oposicións específicas para Escolas de Orientación Marítimo-Pesquera, toma posesión da escola do Pósito o cambadés Antonio Caamaño Bournacell, que antes estivera en Asturias e na Estrada. Non lle era totalmente descoñecida a Caamaño a nova casa á que chegaba, xa que, como vimos, foi o cronista redactor da inauguración da escola do Pósito en 1924, e tamén en 1927 redacta e escribe do seu puño e letra o contrato con Segundo Pérez para a construción do edificio social. Amais das clases aos fillos de mariñeiros, no inverno, polas noites encárgase das clases de alfabetización para maiores e dos cursiños de capacitación profesional, nos que participaban tamén como instrutores outras persoas especializadas en distintas materias, como os médicos José Padín González e Eladio Fernández Gutiérrez en temas de sanidade, o patrón Luis Alonso Ribadomar e o celador Manuel Núñez en pesca, o carpinteiro de ribeira Álvaro Padín Loureiro en barcos, e mesmo o comandante de Vilagarcía para normas e leis. Tamén Caamaño se dedicou a tarefas xornalísticas escribindo en *Galicia Nueva*, *El Pueblo Gallego* e *Faro de Vigo*.



No ático do Pósito funcionou a escola dende 1930 a 1967, ano no que se integrou no Grupo Escolar.
(Arquivo Antonio Magariños Compaired)



Publicacións do
Instituto Social da
Mariña para o seu
uso nos Centros de
Orientación Marítima
e Pesqueira.
(Arquivo Antonio Magariños
Compaired)

Foto de
Manuel Otero



Á morte de Caamaño, en 1951, despois da interinidade de Eugenio Collazo Lema, de quen os seus alumnos lembran que “... *levábanos de excursión ao monte da Pastora cantando o Cara al Sol...*”, cousa nada rara nesa época; faise cargo da escola José Luis de Vicente Fonseca, que tamén levará a secretaría da Confraría (nome que substituíu ao de Pósito) varios anos. Fonseca, como así se lle coñecía popularmente, gran afeccionado á taxidermia, intégrase plenamente na vida social de Cambados, participando en diversas actividades e colaborando na organización da Festa do Albariño.

Á morte de Fonseca, en 1965, ocupa a praza Jesús Míguez Maquieira, pero será xa por pouco tempo, porque no curso 67-68 a vella escola do Pósito é suprimida e integrada no grupo escolar de nova creación, baixo a denominación de *Escuela Graduada Antonio Magariños Pastoriza*.


Ante o aumento da matrícula escolar nestes anos, como consecuencia do denominado “baby boom”, o recente inaugurado grupo escolar amósase insuficiente para acoller tan elevado número de alumnos. Nun intento de aliviar a situación, e tamén pola petición de varios asociados que querían recuperar a escola do Pósito, por orde ministerial de 12-12-1968, créase unha Escola Nacional de Enseñanza Primaria na Confraría Sindical de Pescadores San Antonio de Cambados, para onde é nomeado mestre, no ano 1969, Ramón Paz Cousido, que tamén desempeñaría o cargo de patrón maior entre 1970 e 1976. De tódolos xeitos esta escola tería un breve funcionamento, xa que, con motivo da ampliación da Escola Graduada Antonio Magariños e a súa conversión en Colexio Nacional Mixto, por orde ministerial de 26-6-1972, pasa a formar parte deste centro.

A República

O novo réxime nacido o 14 de abril de 1931, como consecuencia da abdicación do rei Alfonso XIII, despois do trunfo das candidaturas municipais nas eleccións municipais do día 12, supuxo a entrada dun aire fresco e renovador na anquilosada vida política española, baseada nunha pactada e viciada alternancia no poder de conservadores e liberais, salpicada de intervencionismos militares que tiveron como colofón a Ditadura de Primo de Rivera. Entre fins do século XIX e principios do XX, xorden novas tendencias políticas, con ideas dunha maior democracia real, dun máis xusto reparto da riqueza, dunha nova concepción do progreso, que foron preparando o camiño da conciencia cidadán para este cambio.

Coa chegada da República van mudar moitas cousas, mais tamén van mudar moitas persoas. Conservadores e monárquicos de sempre, nun exercicio de hábil malabarismo, non dubidan en presentarse agora como *republicanos de toda a vida*. O historiador cambadés Jacobo Domínguez Pedreira, no seu libro *A Segunda República en Cambados*, fai unha acertada análise da sociedade cambadesa daquela época e constata como o poder municipal segue nas mesmas mans, antes e despois da República, de determinados persoeiros e familias ligadas á clase curial, nomeadamente avogados e procuradores, porque “...nos atopamos, polo menos en Cambados, cunha adaptación deses caciques – se se poden definir así – e das súas redes de influencia, baixo novos apelidos políticos coherentes coa nova situación política. Polo tanto a vida socio-política do concello cambadés, e de moitos outros, seguía a estar controlada polos de sempre, aínda que irremediabilmente tamén aparecerán novos actores vinculados ó contexto global de cambio que se daba no conxunto de España”.

Quen se vai queixar desencantado desta situación é unha persoa próxima ao Pósito, Antonio Caamaño Bournacell, que chegaría a ser mestre da súa escola. Como colaborador de prensa, e



En Cambados sempre houbo republicanos...
pero poucos.



Sr. Alcalde de Cambados

Juan Cabanillas En-
riquer, mayor de edad,
casado, vecino de esta vi-
lla, con cédula personal,
a V. expone:

Que en el día de maña-
na, veinte del corriente, a
las siete de la noche, se ce-
lebrará en la casa propie-
dad de D. Manuel Corres
Olba, situada en Lafuica-
nes, plaza del Mercado, la
primera reunión pública
para la constitución de un
"Centro Obrero Republi-
cano", de que es promove-
dor el dicente.

Lo que tengo el gusto y
el honor de poner en cono-
cimiento de V., cumplien-
do lo prevenido en el ar-
tículo 9º de la Ley de
Asociaciones y Reuniones.

Publicándole de
por presentada esta ins-
tancia y desique, si lo esti-
ma procedente, el Delega-
do de su Autoridad que
a ella haya de concurrir.

Azi


lo espera obtener de V.
Cambados 19 Noviem-
bre de 1907.

Juan Cabanillas

En Cambados sempre houbo republiucanos... pero poucos.
(Arquivo municipal de Cambados)

utilizando o seu habitual pseudónimo de *Marisol*, publica no xornal vigués *El Pueblo Gallego* de data 25-4-1931 unha reflexión titulada *Hombres e ideas*. Comeza dicíndonos os poucos republicanos que había en Cambados, “*Unos cuantos, unos pocos por cierto, simpatizaron con nuestra idea de crear en este pueblo un centro republicano...*”; para máis adiante destacar os moitos que hai agora, “*...si antes del día 12 los republicanos de esta villa podían contarse por los dedos de la mano ahora se llenan pliegos con nombres...*” Quéixase amargamente de que aqueles que hai uns días os miraban “*... con marcado recelo...*”, e que agora renegando do seu pasado preséntanse co nome de republicanos, e remata: “*...nos preguntamos echando las manos a la cabeza si es posible este vertiginoso cambio ideológico político en unas horas...*”

Esta era a situación na política municipal cambadesa; pero, que pasaba no mar? No mar tamén hai cambios, mais non tanto nas persoas. A introdución do motor en grandes barcos de cerco para a pesca da sardiña fóra da ría orixina a formación de tripulacións máis numerosas, xa cunha certa conciencia proletaria, aínda que a pesca artesanal e familiar segue a ser claramente maioritaria. Por outra banda, o clima de maiores liberdades orixinado polo novo réxime favorece o auxe de movementos sindicais en moitos dos portos da costa galega. Tamén en Cambados, aínda que con menos forza ca noutros sitios.



Un dos primeiros barcos a motor



Peirao de Cambados. (Foto de Manuel Otero)



A industrialización, con retraso, chega a Cambados nesta época. Despois daquela primeira e breve experiencia de Cándido Carreró Mascato entre 1891 e 1907, créanse as primeiras fabricas de conserva en Cambados. No seo dun novo grupo social, que se vai conformando a principios do século XX con comerciantes, artesáns, pequenos industriais, de onde nace a *Sociedad Benéfico Cultural Trabajo e Industria*, máis coñecida como *A Cultural*, xorden emprendedores como Amador Mouriño Villaverde, que instala a primeira fábrica nun solar das marismas da travesía do Muelle en 1934; ou José Peña Oubiña, que en sociedade con Pereira (Conservas Perán) faina no límite da parroquia de Sisán un ano despois. Tamén xente vida de fóra, que ve no puxante porto de Cambados unha oportunidade, como o propio Pereira, ou Montero Rivas, que funda *La Cambadesa*, despois *Alasá*, a carón da fábrica de Amador Mouriño, no mesmo ano 1935. En setembro de 1936 Peña constrúe no Brexo a súa casa, onde instala outra fábrica.

No porto fanse melloras en iluminación, ramplas e peitoriles, amplíase o peirao de San Tomé, e o malecón da Calzada prolóngase ata o Pombal. O Pósito, que ata o inicio da Guerra Civil estivo presidido sucesivamente por **Conrado Leiro Ribadomar** (1931), **Antonio Chaves del Río** (1933), **Ricardo Rey Vázquez** (1934), e **Elías Núñez Dozo** (1936) ; organiza en 1931, coa colaboración do celador do porto Juan S. Yáñez, unha homenaxe á vellez do mariñeiro, con reparto de achegas económicas acadadas por subscrición popular. Mais a principal preocupación do Pósito, da clase mariñeira e do pobo de Cambados en xeral, a construción da lonxa, non chegará tampouco desta.



Vista, desde a Alameda, do peirao de San Tomé antes da súa primeira ampliación.
Fototípia Thomas (ca. 1910)

A primeira folga da historia en Cambados

Como é posible que en Cambados, nunha sociedade fortemente conservadora, moi influída polo poder curial e polo eclesiástico, que seguían a ter o control da vida municipal durante a República, como sinala Jacobo Domínguez, se dese un acto reivindicativo de tal calibre? Pois porque no seo da sociedade cambadesa, a pesares de todo, xa se estaban a dar algúns cambios. Si, con retraso, é certo, pero algo se movía. Como vimos antes, nas primeiras décadas do XX consolídase unha chamémoslle “burguesía” comercial, artesá, pequeno industrial, que incluso chega a ser maioritaria na composición da corporación municipal durante un breve período, e que fundara *A Cultural*.

A conciencia proletaria, ante a inexistencia dunha masa obreira, por mor da nula industrialización de Cambados, vai xurdir, como non podía ser doutro xeito, nas tripulacións de mariñeiros dos barcos do cerco. Como sinala Dionisio Pereira en *Guerras da sardiña e agrupacións mariñeiras no Cambados dos tempos idos*, “... As novidasas técnicas pesqueiras, baseadas na propulsión mecánica e no emprego dos grandes aparellos de cerco e arrastre, levaban de seu a frecuente separación dos propietarios dos traballos do barco e un investimento de capital que raras veces se podían permitir os pequenos armadores das artes tradicionais... conformábanse unhas relacións laborais nos barcos en certo modo semellantes ás que rexían na industria, como transfondo do sindicalismo de base no mar e as correspondentes asociacións patronais dos armadores...”

Aínda que non hai constancia documental, si coinciden testemuños de xente de idade avanzada en que o primeiro sindicato en organizarse en Cambados, e precisamente no mar, foi a UGT. Co apoio desta organización, a mediados do ano 1931 os mariñeiros dos barcos do cerco constitúen un *Comité de Tripulantes* para reclamar ante os armadores unha mellor distribución das “partes”, sistema tradicional de remuneración empregado entre a xente do mar. Non houbo boa acollida por parte da patronal, e o comité decide convocar unha folga, que é secundada por todo o sector. Pouco afeitos, máis ben nada, tanto uns coma outros, a estas novas situacións, que necesitaban capacidade de diálogo e negociación, e sobre todo outra mentalidade, o conflito estancouse.

EL PUEBLO GALLEGO
DOMINGO 30 DE AGOSTO DE 1931. PAGINA

CAMBADOS
SOLUCIÓN DE UN CONFLICTO

El señor Galvino logró una solución armónica, o sea, que ambos grupos aceptasen la solución de 21 partes al amo y 20 la gente, extendiéndose en consecuencia la siguiente acta:

“En la Consistorial de Cambados, a 31 de agosto de 1931, reunidos bajo la presidencia del Excmo. Sr. Gobernador civil, de una parte don Luis Prego, don Manuel Trigo, don Elías Porto y don Salvador González, como armadores de los barcos “Luisillo”, “Virgen del Carmen”, “Para qué vas”, “Jesús” y “Salvadorcito”, y de otra parte el Comité de Tripulantes formado por los compañeros Cesáreo Varela, Ruperto González, Benito González, José Álvarez y José Serén, de las anteriores embarcaciones, y por el señor Magariños Granda (don Antonio), como asesor de los mismos, fijan de común acuerdo las siguientes bases de trabajo:

Primera.— Los expresados armadores reconocen personalidad jurídica para contralar al Comité de Tripulantes arriba expresado.

Segunda.— Cerco de jareta:

a) Al caldeo de raba corresponden 21 partes al armador y 20 a la tripulación.

b) A la ardora 24 partes al armador y 20 a la tripulación.

c) Estando en la mar fuera de la ría de Arosa y no ganando el changuí abonará el armador ochenta céntimos a cada tripulante.

d) Las portachucas que lleva el hombre que va en la chalana serán quitadas a partes iguales, armador y tripulación.

e) El changuí del maquinista será abonado mitad por la tripulación y mitad por el armador.

Tercera.— Partes de arrastre: Respecto de las artes de arrastre se acuerda que se establezca un régimen igual al tipo medio de los que rigen en las localidades marítimas de estas rías.

Cuarta.— La duración de estas bases será de dos años pro-

rogables salvo denuncia del contrato con un mes de anticipo.

El señor gobernador agradece las representaciones patronal y marinera la cordialidad que han puesto en la discusión de las anteriores bases.

Y para que conste se extiende a presente acta que firman con el señor gobernador la representación patronal y marinera que arriba se nombra.— José Galvino, Antonio Magariños Granda, Ruperto González, Benito González, Cesáreo Varela, José Álvarez, José Serén, Luis Prego, Salvador González, Elías Porto, Manuel Trigo”.

La clase pescadora cambadesa está altamente satisfecha del triunfo obtenido, proyectando una reforma amplia y decisiva en su profesión, para muy en breve.”

Para a súa resolución foi decisiva a arbitrase de **José Calviño Domínguez**, gobernador civil da provincia durante os meses de agosto e setembro de 1931, e despois director xeral de Administración Civil, natural de Lores (Meaño), con vínculos familiares e de amizade en Cambados, e ben visto nos sectores republicanos da vila. O día 21 de agosto, na Casa do Concello, chégase a unha solución definitiva que asinan todos, en base a unha serie de acordos que se publicaron en *El Pueblo Gallego* do día 30 de agosto:

-Cerco de xareta:

a) Ao caldeo de raba corresponden 21 partes ao armador e 20 á tripulación.

b) Á ardora 24 partes ao armador e 20 á tripulación.

c) Estando no mar fóra da ría de Arousa e non gañando changüí abonará o armador cincuenta céntimos a cada tripulante.

d) As perrachicas que leva o home que vai na chalana serán quitadas a partes iguais, armador e tripulación.

e) O changüí do maquinista será aboada metade pola tripulación e metade polo armador.

-Partes de arrastre: respecto das artes de arrastre acórdase que se estableza un réxime igual ao tipo medio dos que rexen nas localidades marítimas destas rías.

Os asinantes deste acordo eran o denominado *Comité de Tripulantes*, formado polos mariñeiros Cesáreo Varela, Ruperto González, Benito González, José Álvarez e José Serén; e os armadores Luis Prego Leiro, Manuel Trigo Martínez *Codelo*, Elías Porto Trigo e Salvador González. Non deixa de chamar a atención na sinatura deste convenio a ausencia de representantes do Pósito, pois a presenza de Antonio Magariños neste caso, segundo se desprende da redacción do documento, é como asesor dunha das partes, o comité de mariñeiros. Ao que se ve, os sindicatos de clase, como a UGT, querían marcar diferenzas con outro tipo de sindicalismo que defendían os pósitos, o sindicalismo vertical, que despois trunfaría co franquismo.



José Calviño Domínguez, gobernador civil de Pontevedra durante os meses de agosto e setembro de 1931.



—Do mar non facían caso.
—Pensarían que se facían as sardiñas nas fábricas.


Viñeta de Castelao en *Cousas da Vida V*

O auxe do sindicalismo de clase

Como levamos visto en todo o exposto ata agora, as principais cuestións que preocupaban aos pósitos, e a onde se encamiñaron as primeiras iniciativas que se puxeron en marcha, eran as de tipo asistencial, os chamados socorros mutuos para dietas de enfermidade, accidentes, maternidade, auxilio á vellez, defunción....; sen esquecerse, por suposto, da mellora das condicións económicas do colectivo mariñeiro, para o que propoñían medidas como conseguir a venda directa da pesca ou a creación de cooperativas de produción e consumo, medidas que os sindicatos de clase tachaban de máis voluntaristas que realistas. Para os sindicatos e sociedades de resistencia estaba claro que o camiño tiña que ser outro.

En 1918 Alfredo Saralegui, no marco dunhas conferencias sobre asuntos marítimos, organizadas pola Sociedade de Xeografía Comercial en Barcelona, amosa unha actitude comprensiva cara estas sociedades , “...cuando están bien dirigidas, son en muchas ocasiones de gran utilidad para oponerse al desmedido afán de lucro de ciertos armadores...” (Alberto Ansola Fernández. *Una pesca feliz...*). Aínda que máis tarde, en 1929, na súa obra *España marítima: ensayos sociales*, distánciase do sindicalismo de clase afirmando “... la conveniencia y aún necesidad de evitar, siempre que sea posible, la lucha entre los dos elementos de la producción- el capital y el trabajo-...”

Pola súa banda as sociedades de resistencia ven nos pósitos un freo á súa expansión, e nalgúns portos como Marín, Cangas e Moaña, con afiliación maioritaria en *La Alianza Marinera*, os enfrontamentos serán continuos. O clima de conflitividade social da época, e a falla de realismo das medidas propugnadas polos pósitos para asegurar e incrementar os ingresos dos mariñeiros, motivarán o aumento da afiliación nos sindicatos e o estancamento e regresión dos pósitos. E neste sentido Cambados, a pesares de non ter unha flota de cerco moi numerosa, a penas unha ducia de motores e uns 250 tripulantes, fronte a unha flota artesanal de setenta lanchas, dornas e gamelas e uns 300 mariñeiros, non vai ser unha excepción.



Escrito da “Sociedad de la Industria Pesquera y Oficios Varios de Cambados”, asinado por Antonio Chaves, en 1936, solicitando autorización para un mitin do líder da CNT, Claro J. Sendón.
(Arquivo Municipal de Cambados)

Vimos xa antes como a UGT se organiza en 1931 e xestiona unha folga, que remata cun bo resultado para a clase mariñeira. Pois ben, ao ano seguinte é a CNT a que se implanta en Cambados. No porto de Vigo a descarga de peixe estaba controlada polos afiliados do *Sindicato de Industria Pesquera*, da CNT, que facían presión para impedir que os mariñeiros doutros portos que non pertencesen a este sindicato descargasen alí. Os mariñeiros de Cambados, que ían con frecuencia a vender a Vigo, decidiron afiliarse para evitar o boicot e crearon un sindicato en Cambados co nome de ***Sociedad de la Industria Pesquera y Oficios Varios de Cambados***. Á súa vez, os mariñeiros de Cambados tamén tomaron a mesma medida cos mariñeiros das dornas de Carreira que viñan aquí a descargar.

No seo do Pósito, este protagonismo que estaban a coller os sindicatos na vida mariñeira de Cambados, non era visto con bos ollos. Boa proba deste estado de opinión é unha carta que Ricardo Taboada Chaves, secretario e contador en varias directivas, e nese momento tesoureiro, dirixíalle ao mestre-asesor Antonio Magariños, e que polo seu interese reproducimos literalmente:

“Don Antonio, sabrá que aquí hay dos sindicatos de nueva creación, el de la C.N.T. y la U.G.T.

El mas revolucionario es el de la C.N.T. dirigido por Antonio Chaves el “ñopo”, el cual trata de deshacer el Pósito que está atravesando una gran crises por los manejos que hace dicho individuo en contra de los intereses de este Pósito.


El Presidente que tenemos este año, carece de energía, pues si estubiera otro presidente, expulsaría de la Sociedad al expresado Chaves, pues motivos hay bastantes para su expulsión.

Es creencia general, que los afiliados a la C.N.T., votarán este año para la presidencia a su “Jefe”, y en consecuencia le cambiarán el nombre del Pósito, por el de la C.N.T., incautándose de todo hasta de los fondos.

Si el presidente actual me iciera caso, tengo un plan combinado para que dicho individuo no salga presidente, y es de poner en práctica el Artº 20 del Reglamento del Pósito, que és renovar por mitad la Directiva, quedando por lo tanto en sus puestos, el Presidente, el Vice y el Secretario.

Veremos lo que pasa.

R. Taboada”



Carta de Ricardo Taboada a Antonio Magariños, 1932.



Primeiros barcos a motor. Porto de Vigo.
(Foto Ksado)

O que pasou foi que en xaneiro de 1933 dimite o que era presidente do Pósito dende 1931, Conrado Leiro Ribadomar, e en xunta xeral extraordinaria, tal como anunciaba Ricardo Taboada, é elixido novo presidente Antonio Chaves del Río *Ñopo*, que desempeñaba o cargo de vicepresidente. Os outros temores que tiña Taboada non se cumpriron, nin se lle cambiou o nome ao Pósito nin se incautou nada. Máis ben o que fixeron tanto a CNT como a UGT, en vez de enfrontarse abertamente ao Pósito, foi optar por unha estratexia de “ocupación”, e acabaron infiltrándose dentro dunha organización que en Cambados contaba cunha grande implantación e apoio social. O mesmo que durante o franquismo farían as Comisións Obreiras coa Organización Sindical vertical.



A estancia de Antonio Chaves ao fronte do Pósito durou un ano, xa que a principios do 34 aparece como presidente Ricardo Rey Vázquez *Tartarexo*, persoa próxima á UGT. Sen embargo nese breve período Chaves deu mostras do seu activismo e liderado. Acompañado de Antonio Galiñanes García, acude á Asemblea de Pósitos de Galicia, que se celebra na Coruña no mes de agosto, na que intervén segundo a prensa (*España marítima y pesquera*. 30-9-1933) “...con gran ardor...” no tema da dinamita no mar, pedindo a prohibición da pesca “á ardora” porque favorece o seu uso. A Asemblea non estima esta petición, pero si aproba que se adopten medidas drásticas contra o uso da dinamita, como fortes multas, inmovilización do barco e prisión. Chaves tamén defende e consegue que a Asemblea apoie a petición do Pósito de Cambados de que se autorice o rastro de dentes de ferro para ir ás vieiras, e incluso participa no debate dun tema que non lle afectaba directamente a Cambados, a regulación da veda do percebe en Corme.

Ao ano seguinte *El Pueblo Gallego* de 21-2-1934 infórmanos que o novo presidente do Pósito, Ricardo Rey, vai presentar nunha próxima xunta xeral unha proposta de amnistía para individuos que están fóra do Pósito en aplicación de normativas anteriores, e que o produto da patela de peixe que se daba para as festas de San Antonio sexa para o retiro da vellez. Non temos constancia documental de cal sería o acordo tomado, pero si debeu de ser

aprobado o de dedicar a patela de peixe para o retiro dos mariñeiros vellos, porque no mes de xullo a comisión organizadora da festa do patrón do Pósito tivo que recorrer a un petitorio popular para poder celebrala. Neste ano a Asemblea de Pósitos celebrouse en Vigo na recente inaugurada *Casa del Pescador*, e acudiron en representación do Pósito cambadés **José Antonio Costa Ares Polo**, que a finais da década dos cincuenta sería patrón maior, nova denominación dos presidentes, e Jesús Pazos Sobral *Mero*, amais do mestre asesor Antonio Magariños Granda.

As medidas reivindicativas e combativas dos sindicatos non gozaban, por suposto, da simpatía dos armadores; pero tamén sufrían a incompreensión de boa parte da sociedade cambadesa, unha sociedade conservadora, inmovilista, na que nunca pasaba nada, *deitada ó sol, á beira do mar*. Co tempo as posturas iríanse radicalizando, pois se por unha banda eran sobre todo as ideas libertarias e anarquistas as que formaban a vangarda das forzas progresistas; pola outra, a xente conservadora, sobre todo a mocidade, alimentaba o seu espírito coa oratoria integrista do crego párroco Jesús Rodríguez Cadarso.

O ambiente da crecente concienciación sindical da clase mariñeira e do progresivo desleixo pola institución do Pósito descríbenolo José Costa Alonso, presidente do Pósito de Moaña, nos seus *Apuntes de mi vida societaria*, cando na campaña electoral de febreiro de 1936, acompañando ao candidato Pascual Díez de Rivera, Marqués de Valterra, colaborador de Saralegui, que se autodefinía como “defensor de la causa católica”, tentan visitar o Pósito cambadés e teñen que desistir ante o ambiente hostil e berros de “¡Fuera! y ¡Abajo las derechas!”

No clima de tensión social existente na sociedade cambadesa destes tempos, hai que inscribir sen dúbida os sangentos episodios das mortes por acoitelamento dos mariñeiros Ramón Palacios Rial *Pimpollo* (decembro de 1932) e José González Barroso *Toreso* (febreiro de 1933), que se para algúns foron “*unas simples peleas de marineros borrachos*”, para outros tiveron un claro transfondo social e político.



Pascual Díez de Rivera, Marqués de Valterra, futuro director do Instituto Social da Mariña, non foi ben recibido en Cambados no ano 1936.

A crise da sardiña

Para mellor coñecer como se viviu en Cambados este conflito que afectou ao conxunto das Rías Baixas entre os anos 1935 e 1936, amais da ampla información de que nos fornece o xornal vigués *El Pueblo Gallego*, botaremos man dos textos de Dionisio Pereira en *Sindicalistas e rebeldes*, con testemuños de xente maior xa desaparecida, e dun interesante relato manuscrito inédito deixado por Leonor Galiñanes Barros co título de *Memorias dun pescador*.



As condicións voluerían se os gobernos
quiseran.

fDebuxo de Castelao. Album Nós.

No ano 35, despois dunhas boas campañas, os conserveiros empezaron a baixar os prezos da sardiña. A cesta de cen quilos chegou a cotizarse en Vigo un 80% menos ca en 1930. A causa desta baixa brutal estaría, segundo algúns, na depresión económica do ano 1929, que pechou a saída a moitos mercados, cousa difícil de entender en Cambados, onde entre os anos 34 e 35 abriran nin máis nin menos que tres fábricas de conserva. Outros, como algúns vellos mariñeiros cambadeses dos que informaron a Pereira, vían na actitude da patronal conserveira un intento de boicoteo do réxime republicano “*nun intre de indubidábel tensión social*”. Sexa unha cousa ou a outra, ou as dúas xuntas, ou outra calquera, o certo é que nese ano os mariñeiros non levantaron cabeza. E por se fose pouco, como nos conta Leonor Galiñanes nas súas *Memorias* “... *el invierno del 35 al 36 fue de lo peor que se conociera nunca, estuvo lloviendo continuamente sin cesar...*”

Coa chegada da primavera do 36, despois do trunfo electoral da Fronte Popular, e o peche en banda das forzas conservadoras, a situación non mellorou. No mes de abril, en Vigo, o prezo da cesta de sardiñas baixaba de 40 a 5 pesetas, o que motivou unha multitudinaria manifestación e a celebración dunha asemblea de mariñeiros e armadores en Vigo o día 25, á que asiste unha representación do Pósito cambadés. Na presidencia da asemblea e nas negociacións dos días seguintes tivo unha destacada actuación o alcalde galeguista de Bueu, Johán Carballeira. Nos primeiros días de maio acádanse unha serie de acordos provisorios, mentres non se celebre un Congreso da Pesca en Galicia, con descontento entre mariñeiros e armadores das rías de Arousa e Pontevedra, por non permitirlles facer descargas e vendas na lonxa do Berbés.

Pasado un mes, ante o incumprimento dos prezos mínimos pactados, as centrais sindicais UGT e CNT, con presenza de representantes de tódolos portos das rías, convocaron un paro total da flota sardiñeira nas Rías Baixas, dende Muros á Guarda. Na ría de Arousa o paro foi seguido en tódolos portos, con máis ou menos intensidade. No de Cambados, as forzas sindicais boicotearon os viveiros impedindo o traballo e os envíos, e Antonio Chaves, líder da CNT, que fora presidente do Pósito, tentou que este se unise ao conflito, o que non foi do agrado de moitos dos socios.

Despois de intensas negociacións, coa chegada incluso dende Madrid dun delegado especial do Ministerio de Traballo “*con amplias facultades*”, o 25 de xuño, o gobernador Gonzalo Acosta Pan anunciaba a resolución definitiva do conflito, coa aprobación dun prezo mínimo de 15 pesetas a cesta, o compromiso dos fabricantes de aumentar a cantidade que aboaban por carrexo e unha maior vixilancia no emprego de explosivos. Nos días

seguintes a sardiña acadaría algúns días, na lonxa de Vigo, prezos de 12,50 a 27 ptas., de 20 a 43 ptas., ou de 12 a 29 ptas.; e na de Marín, de 15 a 33,50 ptas.

Pero a feble paz acadada foi crebada bruscamente pola sublevación militar duns días despois, que traería trágicas consecuencias para algunhas persoas das que participaron dun xeito destacado no conflito da sardiña.

Metendo a bordo un aparello do cerco



A guerra civil. O franquismo

O trauma do levantamento militar contra o goberno da República, e o posterior enfrontamento bélico entre os dous bandos que se formaron, tivo unha especial incidencia en Cambados no sector do mar; aínda que o noso concello non foi un dos máis castigados, debido á forte presenza do elemento conservador no seo da sociedade cambadesa. O histórico *Pósito Pescador de la Ría de Arosa* é clausurado e numerosos mariñeiros, tanto activos dirixentes como outros, simples posuidores dun carné sindical, son detidos sen moitos miramentos. Outros poñerían terra por medio.

Nas altas esferas do asociacionismo mariñeiro o panorama non era mellor. Segundo nos contan Alberte Ansola en *Una pesca feliz*, e José Costa Alonso nos seus *Apuntes de mi vida societaria*, Alfredo Saralegui, fundador dos pósitos, “o pai dos pescadores”, desaparece da escena pública, acusado de “comunista” e refúxíase en Levante, protexido por mariñeiros daquela zona. Cando na década dos corenta volve a Madrid para reintegrarse á súa función no Instituto Social da Mariña, o seu antigo colaborador, o Marqués de Valterra, non só llo impide, senón que inicia contra el unha campaña de desprestixio, que o levará ao total ostracismo.

O novo Estado, inspirado na ideoloxía falanxista, crea a **Organización Sindical**, única e vertical, na que conviven empresarios e traballadores, sen loita de clases, o que coincide coa fórmula dos pósitos, de agrupar armadores e mariñeiros nunha mesma institución. Nun principio a *Organización Sindical* tenta controlar dende fóra os pósitos, o que produce roces e tensións; mais pouco a pouco, a través de diversas disposicións legais, van perdendo a súa independencia ata que ao final, por unha orde do ministerio de Traballo de 1944, son suprimidos e adscritos á *Organización Sindical* como “...unidades sindicales en las que se integran los productores de actividades tanto originarias como



derivadas del ejercicio de la pesca bajo la denominación de *Cofradías Sindicales de Pescadores*”. O cambio de nomes tamén afecta aos presidentes que pasan a denominarse *Patrones Mayores*. De tódolos xeitos durante moitos anos, e aínda hoxe, entre a xente segue vivo o histórico nome de *Pósito*.



19-7-1938.

Entrega das primeiras cartillas de retiro a dez mariñeiros de Cambados.
(Foto Valín)

O 6 de outubro de 1936 as autoridades franquistas deciden levantarlle o veto ao pósito de Cambados despois do período de clausura. A pesares do período trágico que se está a vivir, o pósito reanuda as súas actividades co espírito de pioneiro dos tempos iniciais, cando fora o primeiro de España en fundarse, cando fora tamén dos primeiros en abrir unha escola, ou cando inaugurara o primeiro edificio social propio de Galicia. Así, con este espírito pioneiro, o 20 de febreiro de 1938 constitúese en Cambados a **Federación Gremial de Pósitos Marítimos de Galicia Oeste**, con representantes das rías de Muros, Arousa, Pontevedra e Vigo; que tamén será a primeira federación que se constituía no territorio dominado polos sublevados. A sede desta federación fíxase en Cambados, ao ser nomeado presidente da mesma o presidente do Pósito cambadés, **Antonio**

Cacabelos Búa. E para non perder o título de “primeiro en todo”, tamén será o Pósito de Cambados o primeiro en facer entrega de pensións aos dez mariñeiros máis vellos, nun acto propagandístico do novo réxime, apoiado por autoridades provinciais e con gran difusión na prensa daquela, celebrado o 19 de xullo de 1938, día da festa de San Antonio, patrón do Pósito. Posiblemente sexa deste acto do que se conservan as fotografías máis coñecidas do pasado histórico do Pósito. Nunha delas, que acompaña estas letras, están, segundo as informacións da prensa, as seguintes autoridades: o delegado provincial de Orde Pública, señor Crespo; o alcalde de Cambados, Salvador Galarreta; o xefe local de Falanxe, Antonio Magariños Pastoriza; o xuíz de instrucción, señor Lojo; o párroco, señor Cadarso; o presidente do Pósito, señor Cacabelos Búa; e o inspector da Federación Gremial de Pósitos Marítimos, señor Meléndez.

Unha dura represión

Pero en paralelo a esta actividade, que nos podería dar unha imaxe de normalidade, a biografía do Pósito tamén se escribía por outros camiños máis tristes, que lle tocou percorrer a persoas que tiveron unha gran participación na súa vida, pois no mar estaban os elementos máis activos e reivindicativos do escaso movemento sindical de Cambados.

Ante as primeiras noticias chegadas a Cambados do golpe de estado que tentaban levar adiante militares do norte de África, de Canarias e de varias cidades da península, o alcalde José Manuel Silva Losada *Sakuska* convoca aos mariñeiros Antonio Chaves del Río e Peregrino Pontevedra González, da CNT, e Manuel Bugallo Martínez e José Varela Oubiña, da UGT, cos que organiza a resistencia contra a subversión. Constitúese un comité local que procede ao rexistro de varios locais e vivendas en procura de armas; pero a chegada a Cambados, o día 20 pola noite, dunha vintena de gardas civís dende Pontevedra, cando se celebraba a verbena da festa de Santa Margarida, que é suspendida, pon fin a calquera intento de resistencia, e marca o comezo da busca e captura dos disidentes.

Nos primeiros días e en datas posteriores, amais dos devanditos, son detidos entre a xente do mar, o expresidente Ricardo Rey Vázquez *Tartarexo*, os mariñeiros Celestino Ambrós Palacios *Dentán*, Eugenio García Falcón *Ghato*, Ramón Trigo Domínguez, Ramón Trigo Lois, Joaquín Vieites Álvarez, Antonio Garrido, Francisco Feijoo Castro, José Meis Gondar, Ramón Rodríguez Rodríguez, Vicente Casais Estonllo *Pirolañas*, e os armadores Elías Porto Trigo e Vicente Otero Otero *Viduco*. Outros tiveron que andar escapados ou durmir nos barcos.

Posta en marcha a máquina represora, o 10 de decembro de 1936 celébrase en Pontevedra un consello de guerra contra as persoas máis destacadas en Cambados na resistencia ao levantamento militar, o alcalde José Manuel Silva, os mariñeiros Antonio Chaves, Peregrino Pontevedra, Manuel Bugallo e José Varela, e o ferreiro Antonio Piñeiro Martínez. Aínda que o fiscal





Antonio Chaves del Río

pedía a pena de morte para os dous primeiros, a sentenza para todos foi de cadea perpetua. Estas penas co tempo iríanse revisando, sendo conmutadas por outras máis reducidas que permitiron a posta en liberdade a principios da década dos corenta dos condenados, agás Peregrino Pontevedra e Antonio Chaves, que non tiveron a sorte de gozar destes beneficios. O primeiro porque morreu na fuga do forte de San Cristóbal, en Pamplona; e o segundo porque foi vítima dun dos tristemente famosos “paseos” que tanto abundaron neste tempo.

As circunstancias desta morte sempre estiveron rodeadas de certo confusionismo, ata que no ano 2013 o historiador pontevedrés Xosé Álvarez Castro deu a coñecer no seu blog *Pontevedra nos anos do medo* dous documentos do expediente de Antonio Chaves, que se conservan no *Archivo Intermedio da Rexión Militar do Noroeste*, en Ferrol, e que polo seu interese reproducimos. O primeiro é un informe do comandante do posto da Garda Civil de Cambados no que di que “... *observa mala conducta moral, pública y privada. Profesa ideas extremistas... se distinguió en organizar el movimiento antimilitar... después del Alcalde, era en la localidad el alma del movimiento... puede considerarse muy peligroso...*” O segundo reflexa a habitual redacción da aplicación da “lei de fugas” coa que se disfrazaban fríos e crueis asasinatos:


“Al ser conducido en la noche del 28 de Diciembre último por fuerza del puesto de esta Capital el preso ANTONIO CHAVES DEL RIO, desde el Lazareto de San Simón a la Carcel de esta Capital, según orden al efecto, al pasar por la carretera de vilaboa a Santa Cristina debido a una avería del automovil que los conducía fue preciso parar para su reparación en cuyo momento el conducido, aprovechando la obscuridad de la noche intentó fugarse no consiguiéndolo por que a los primeros disparos que hizo la fuerza cayó a tierra gravemente herido falleciendo a los pocos momentos siendo conducido su cadáver al depósito del cementerio de esta Capital. Tengo la distinción de participarselo en contestación a su atento escrito de ayer. Dios guarde a V. S. muchos años. Pontevedra, 6 de marzo de 1937. El primer jefe accdtal. Joaquín Velarde Velarde.”

Pero non foi este o único “paseado”. O mariñeiro Celestino Ambrós Palacios, afiliado ao Sindicato de Industrias Pesqueiras, da CNT, que non tivera unha participación destacada na vida política e sindical, apareceu tamén morto nunha cuneta de Simes-Meaño, onde o atopou un veciño seu de San Tomé que ía co carrillo cargado de repolos para o mercado de Pontevedra.

Tamén foron condenados a cadea perpetua Eugenio García Falcón, da CNT, e Ramón Trigo Domínguez, que contaba coa “agravante” de ser tamén concelleiro da corporación municipal polo grupo de *Izquierda Republicana*. Outros sufriron distintas penas de prisión que ían ata os dez, quince e vinte anos, como Antonio Garrido, Ramón Trigo Lois, Joaquín Vieites, Vicente Casais, Francisco Feijoo, José Meis e Ramón Rodríguez. Os tres últimos, veciños de Castrelo, pertencían, aínda que eran mariñeiros, á *Alianza Obrera y Campesina*, organización sindical de tendencia comunista constituída nesa parroquia, que tivo un papel moi activo.

Illas de San Simón e San Antón (Redondela)
Ao longo da historia estiveron ocupadas por un mosteiro, que máis tarde foi lazareto, cárcere e fogar para nenos orfos. O seu conxunto está catalogado como Ben de Interese Cultural desde 1999.

Na actualidade acollen o Centro de Recuperación da Memoria.





O longo camiño da lonxa

A venda directa da pesca, o control sobre a mesma, era tamén unha das principais preocupacións de Alfredo Saralegui e o seu proxecto de pósitos pescadores, quen dicía que o prezo do peixe vendido polo mariñeiro chegaba a dobrar o seu valor ao chegar ao consumidor, pola existencia de ata cinco tipos de intermediarios, “...subastador, vendedor o barraquero, remitente, consignatario, asentador y pescadero...” A loita dos pósitos centrouse dende o principio en controlar polo menos o primeiro chanzo da escala, o da subhasta-venda, a través das lonxas; aínda que o propio Saralegui era consciente das pexas que esta idea tiña, cando nunha asemblea da pesca vasca dicía que “... el subastador tiene grandísima influencia entre los pescadores, los cuales a pesar de que el industrial que consideramos percibe por su trabajo una cantidad importante ... no se atreven a desprenderse de él, por temor de que al desaparecer, no encuentren los productos que capturaron una venta fácil...”

Antes de que nacesen os pósitos, e naqueles portos onde non había ningún tipo de asociación, gremio ou confraría mariñeira que se ocupase desta tarefa, houbo concellos que viron na construción de lonxas municipais a oportunidade dunha boa fonte de ingresos. En Cambados, no ano 1908, sendo alcalde Francisco González-Pardo Añino, cando a asociación de mariñeiros creada por Alfredo Brañas – que ademais non tiña entre os seus fins o intervir no proceso de comercialización da pesca – está en plena decadencia, redáctase un proxecto “**de aprovechamiento de marisma para plaza de contratación de pescado y matadero**”. Esta marisma era o terreo gañado ao mar, como consecuencia da construción da travesía en Cambados da estrada de Gondar a Vilagarcía, na zona que actualmente ocupa o Pósito, a rúa Nova e a Cultural.

As posteriores corporacións municipais, presididas por Ramiro Padín Fraga e Fernando Botana Gómez non levaron adiante este proxecto, pensando posiblemente que sería mellor idea a apertura dunha moderna rúa no mesmo centro urbano de Cambados, e que a venda dos solares resultantes podería ser máis beneficiosa para o erario municipal.


Proxecto municipal para praza, lonxa e matadoiro.
Ano 1908.
(Arquivo Municipal de cambados)



As primeiras noticias sobre a iniciativa de crear unha lonxa en Cambados aparecen no xornal *El Progreso* de Pontevedra, o 22 de abril de 1917, onde o correspondente Dositeo Ulloa Gómez, co título *Cine o Lonja*, dá conta da polémica existente na vila polo intento de facer unha lonxa no solar que ocupa o Salón Variedades – que el cualifica de “*descabellado acuerdo*” – pois a concesión que tiñan os seus propietarios acababa nese ano. Como xa vimos anteriormente, tratábase da pretensión dunha empresa vilagarcía, *Hijos de Francisco Deza*, que o Concello acorda deixar sobre a mesa. Tampouco prosperaría, en xaneiro de 1919, a petición de Juan Salgado, presidente do recente creado *Pósito Pescador de la Ría de Arosa*, interesando que se lle cedese o devandito salón para domicilio social.

Cando o xeneral Miguel Primo de Rivera, co consentimento do rei Alfonso XIII, implanta a Ditadura no ano 1923, Juan Salgado é nomeado alcalde. Dende o novo posto ve a oportunidade de impulsar o vello proxecto do Pósito, de que Cambados contase cunha lonxa que atendese as necesidades dun puxante porto. O Concello toma o acordo de construír a lonxa por iniciativa municipal, nun pleno que celebra o último día do ano 1924; pero dentro dun proxecto máis ambicioso que comprendía tamén a construción de mercado de abastos e matadoiro, que encarga redactar ao enxeñeiro Rafael Picó. Mentres, vaise buscando a forma de financiamento e, como nas arcas municipais non hai suficiente capacidade económica, o Concello acorda recorrer ao sistema de débeda pública, coa emisión dun empréstito de cen mil pesetas, dividido en 400 obrigacións de 250 ptas. amortizables en dez anos.

O tempo vai pasando, e a finais do 1926 a corporación municipal vese obrigada a aprobar unha reforma do proxecto co obxecto de actualizar prezos. Entrados xa no ano 27, o BOE publica unha orde ministerial de 3 de marzo pola que se lle conceden ao Concello de Cambados os terreos necesarios para a construción da lonxa, mercado e matadoiro, sitios na zona marítimo terrestre do porto; e o Concello saca as obras a subhasta.




Primeiro emprazamento do conxunto de lonxa, mercado e matadoiro, segundo o proxecto de Rafael Picó. 1925.
(Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra)

O sistema de financiamento ideado non debeu de ir adiante, ben por razóns legais, ben por falla de resposta popular, xa que non hai referencia algunha del, nin na documentación municipal nin na prensa. Entón o Concello, ao sacar agora as obras a concurso, idea unha nova forma de financiamento, que consiste en facelas nun prazo de dous anos e pagalas en catro, polo que acorda consignar nos orzamentos municipais ordinarios dos catro anos seguintes a cantidade de 25.000 ptas. en cada un. Pero a fórmula ideada tampouco debeu seducir a ningún construtor, pois o concurso queda deserto e no resto do ano o tema cae no esquecemento.

Unha mostra de que todo este proceso non se desenvolvía coa celeridade que tiña que ir vémola, un ano despois, en febreiro de 1928, cando o concelleiro Segundo Pérez Méndez presenta a súa dimisión *“... no estando de acuerdo con el retraso con que se lleva el asunto de la Plaza del pescado y Matadero, y en vista del desacuerdo con el resto de la Corporación...”*

A corporación tardaría aínda ano e medio en volver a reunirse por esta cuestión e ao facelo, na sesión plenaria do 9 de xullo de 1929, o alcalde xustifica a tardanza do proxecto dicíndolle aos concelleiros que *“...este Ayuntamiento en diferentes ocasiones trató de hacer realidad la ejecución del proyecto de Lonja de Contratación, Mercado y Matadero... pero que razones especialísimas y circunstancias imprevistas surgidas de los diferentes criterios sustentados al margen de esta idea, y otras veces dificultades de orden legal motivaron su suspensión...”* Por este motivo, e para terminar xa dunha vez co problema, o alcalde proponlle á corporación, e esta aproba por unanimidade, que ante a imposibilidade de levar a cabo as obras cos recursos ordinarios do orzamento, se contrate un empréstimo co *Banco de Crédito Local* por importe de 150.000 pesetas, non só para estas obras, senón tamén para facer un grupo escolar, casas-escolas e arranxar e construír novos lavadoiros públicos.

É moi posible que este préstamo non se chegase sequera a tramitar – non hai constancia na documentación municipal consultada – xa que aos poucos meses cae a Ditadura de Primo de Rivera e, como consecuencia, cesa a corporación que fora nomeada



Anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia, en 1925, da frustrada emisión dun empréstimo para as obras da lonxa. (Arquivo Municipal de Cambados)

por ela. A nova corporación que se constitúe vai ter un carácter eminentemente provisional ata as eleccións de 1931, que orixinarían a caída da Monarquía e a instauración da República. Pero a corporación que se forma como resultado destas eleccións estará nunha permanente inestabilidade, por mor das continuas ausencias e permisos do alcalde titular Juan Vidal Fraga, e pola suspensión nos seus cargos dos concelleiros da oposición decretada polo gobernador civil.


Ante a inactividade municipal, sería de esperar que a outra entidade interesada na construción la lonxa, o Pósito Pescador, tomase algún tipo de iniciativa e reactivase o proxecto; pero nesta época o Pósito, que diminúe a súa actividade pola redución do número de asociados, ve como perde peso e influencia na clase mariñeira en favor dos sindicatos, máis preocupados por outras reivindicacións de tipo laboral.

Así e todo, é durante a República, despois do trunfo da Fronte Popular, cando se volve retomar o tema da lonxa. No mes de maio preséntase no Concello un breve escrito pedindo a inmediata “...**obra de construción de un edificio con destino a lonja, mercado y matadero**...”, asinado polas “forzas vivas” de Cambados, entidades, industriais, comerciantes, avogados, procuradores, etc. A corporación municipal, presidida por José Manuel Silva Losada *Sakuska*, toma con interese a cuestión e ensaia outro sistema para poder levar adiante a obra: o da concesión, en concurso público, da explotación do servizo por un tempo determinado, a cambio da construción do edificio. Prontamente se actualizan os planos, a concesión dos terreos, que xa caducara, apróbanse as bases para a construción (15-7), remítense ao Boletín Oficial da Provincia (16/7) e... cando se publican (27/7), o alcalde que asina a convocatoria do concurso está no cárcere, xunto con outros concelleiros, pendentes dun consello de guerra, acusados de rebelión militar (!). Agora é a barbarie a que se interpón no torto camiño da construción da lonxa.



Escrito de entidades e particulares de Cambados urxindo as obras da lonxa. (Arquivo Municipal de Cambados)

A piques de rematar o conflito, no ano 1939, ao Concello, do que é alcalde Salvador Galarreta Alfaro, éntranlle as présas por querer amosar á opinión pública as obras do novo Estado, eponse de acordo co Pósito, presidido por Antonio Cacabelos Búa, para afrontar o financiamento das obras. O Concello acorda poñer en práctica outro sistema: desprenderse do patrimonio municipal, subhastando os terreos de *Corgo*, en Corvillón, e *Correlo*, en Castrelo, para destinar o produto ás obras tanto da lonxa como do mercado e matadoiro. O Pósito, pola súa parte, comprométese a pedir un crédito de 125.000 pesetas ao Instituto Social da Mariña que avalará o Concello, pero o ISM contesta que o seu criterio é *“...denegar la explotación y venta de la pesca en beneficio de los Ayuntamientos... por estimar que estos beneficios deben ser exclusivamente para la clase pescadora, que deberá explotarlos por medio de sus organizaciones profesionales...”*



O Pósito encárgalle, en 1939 o proxecto só da lonxa a Emilio Quiroga Losada.

Ante isto o Pósito decide encarar en solitario só as obras da lonxa, para o que lle pide ao Concello o traspaso dos terreos que tiña en concesión, ao que este lle contesta que só lle pode ceder unha parte – 600 m² – porque o resto necesítalo para o mercado e matadoiro. O Pósito encarga un novo proxecto, pero só exclusivamente para a lonxa, ao arquitecto pontevedrés Emilio Quiroga Losada, irmán do famoso violinista Manuel Quiroga, saca as obras a subhasta, e o 19 de xullo de 1939, día da festa do patrón San Antonio, nun solemne acto presidido por tódalas autoridades, no que se

aproveita tamén para ampliar a cinco persoas máis as prestacións por vellez concedidas había un ano,ponse a primeira pedra, o que significa o fin dunha longa espera, mais non o inicio dunha pronta solución.

Como se se quixese recuperar o tempo perdido, as obras empezan con rapidez, e xa nos meses de setembro e novembro o Pósito abóalle ao contratista José Pereira Novas dúas certificacións, por importe de 10.075,91 e 18.596,74 pesetas, que responden a o muro de contención, muro de cimentación para fachadas, soleira en pedra e recheo de terras.

Mais, outra vez, o mal fado que persigue estas obras aparece de novo. O 5 de abril de 1940 a Axudantía de Mariña de Vilagarcía ordena suspender as obras, pois pon en cuestión a validez e legalidade da subconcesión feita polo Concello a favor do Pósito. Para poñer todo en orde o Concello vese obrigado a renovar a concesión co Estado ao seu nome e, como titular da mesma, a encargarse das obras, para o que chega a un acordo co Pósito, que seguirá co financiamento. Mais agora, quen se fará cargo da dirección técnica das obras será o enxeñeiro Rafael Picó, que fora o redactor do proxecto que encargara o Concello anteriormente.

En setembro de 1941 adxudícanse as obras ao construtor de Lalín Ignacio Azurmendi Artano en 220.000 pesetas, pero ao cabo dun ano o Concello rescíndelle o contrato por no facelas en prazo. Azurmendi alega que por causa da Guerra Mundial subiron os xornais e materiais, e que ademais se lle prometera polo Concello prestación persoal de veciños para facer o recheo, o que non se cumpriu. Non obstante, comprométese a continuar por 310.000 pesetas, a parte das obras xa feitas. O Concello non está de acordo e busca outra solución, chega a un acordo co contratista local Amador Mouriño para continuar as obras "...por destajos parciales", e asina o contrato o 31 de marzo de 1943, avalado coa presenza de **Manuel Casais López**, presidente do Pósito, organismo que en realidade é o que financia as obras.



Estado das obras da lonxa en 1939, antes da súa paralización polas autoridades de mariña.
(Arquivo Antonio Magariños Compaired)

Amador Mouriño remata por fin as obras e, cando en maio de 1945 presenta a última certificación de obra, o Pósito – que agora xa se chama Confraría – ten un serio problema de liquidez para facer fronte ao pago. Ante a expectativa de que o Concello se faga dono da lonxa, pagando a certificación e indemnizando ao Pósito co que lle corresponda, as dúas entidades chegan a un acordo e constitúen a ***Mancomunidad de la Lonja de Contratación de Pescado y Marisco del Puerto de Cambados*** para liquidar a medias os gastos feitos ata o momento, e despois explotar e administrar o servizo da lonxa tamén a partes iguais.

Asinaron a constitución da Mancomunidade ante notario o 22 de xuño de 1945, por parte da Confraría, o seu patrón maior – a nova denominación dos presidentes – **Antonio Cacabelos Ojea** e o depositario, Ricardo Taboada Chaves; e por parte do Concello, o alcalde, Luis Fariña Couto e o rexedor síndico, Ramiro Padín González. Despois de corenta e cinco anos de satisfactorio funcionamento polas dúas partes, o 31 de decembro de 1990, de mutuo acordo disólvese a Mancomunidade, ao entrar en

funcionamento a nova lonxa de Tragove, que pasa a ser da exclusiva competencia da Confraría.




Nesta foto da procesión de San Roque de 1943, podemos ver ao fondo o edificio da lonxa en construción.

(Arquivo Manuel Rovira González)

Os problemas da vendaxe

Xa avisaba Saralegui da dificultade que tiña o substituír os axentes vendedores que ocupaban o primeiro chanzo da escala de comercialización da pesca. En Cambados o máximo que conseguira o primeiro pósito, presidido por Juan Salgado, fora que cedesen o 1% das vendas que facían para a sociedade. Agora, os problemas xurdidos coa vendaxe – palabra moi cambadesa, posiblemente de orixe portuguesa, que se refire ao negocio da venda por comisión do peixe ao chegar do mar – ían darlle a razón a Saralegui, e engadirían un novo atranco no longo, torto e malfadado camiño da posta en marcha da lonxa..

Empezadas as obras da lonxa en 1939, e despois da súa paralización no ano seguinte polas autoridades de Mariña, aparece no mes de decembro do 40, en *El Pueblo Gallego*, un anuncio do Pósito de Pescadores de Cambados que di: “*Habiendo sido destituídos por las autoridades los subastadores y vendedores de este puerto, este Pósito de Pescadores saca a provisión la plaza de subastador-vendedor único, debiendo presentar los optantes sus propuestas en el período de 72 horas...*” Descoñecemos os motivos da destitución, así como quen foron as autoridades que tomaron tal medida, polo escurantismo informativo da época. O único que sabemos é que o 26 de abril de 1941 é nomeado para o cargo Evaristo Padín González, quen alegara como mérito na súa solicitude “...*ser excombatiente de la Gloriosa Cruzada...*” Sin embargo o nomeamento non se fai efectivo porque, como vimos, as obras da lonxa delongaríanse máis do esperado.



Anuncio publicado en “El Pueblo Gallego” de 20-12-1940 no que se dá un perentorio prazo de 72 horas para presentarse á praza de vendedor na lonxa.

Esceas de venda na lonxa
(Arquivo José María Gómez Cruces)



Cando xa é inminente a apertura da lonxa, anunciada para o 5 de setembro de 1944, pois as obras xa estaban a piques de rematar, un mes antes, a Confraría diríxese aos vendedores que neses momentos exercían a súa función, Encarnación Trigo Núñez *Code-la*, Elías Porto Trigo e Joaquín Fariña Trigo *Lura*, facéndolles a proposta de que do 5% que detraen das vendas que fan os barcos, o 2% sexa para eles e o 3% para a Confraría. A proposta non é ben acollida, e a apertura da lonxa retárdase. Máis adiante, en febreiro de 1945, anúnciase que a lonxa empezará a funcionar o día 20, e que a única axente-vendedora será Encarnación Trigo Núñez, por ser a única solicitude presentada. Pero como esta se nega a depositar a fianza que lle reclama a Confraría, a entrada en funcionamento adíase unha vez máis. O gobernador civil da provincia, que entende que hai unha manobra de boicot á entrada en funcionamento da lonxa, toma cartas no asunto e decide multar, con publicidade na prensa, a Encarnación Trigo con 2.500 pesetas “*por falta de cooperación a la labor sindical del Estado*”, e a Joaquín Fariña Trigo e Elías Porto, con 1.000 e 500 pesetas, respectivamente, “*por hacer campañas en contra del funcionamiento de una institución sindical*”.



Esceas de venda na lonxa
(Arquivo José María Gómez Cruces)

Chegados a esta situación de impasse, o 3 de abril, sen que haxa unha previa convocatoria pública, Jacobo Álvarez Porto solicita a praza de axente vendedor, para a que se considera con méritos por estar exercendo a mesma profesión dende a infancia co seu pai Ramón Álvarez Araújo na lonxa do Grove. Cinco días máis tarde, a Confraría acorda nomealo axente vendedor, pero facendo constar que non terá a exclusiva na súa función, pois cando o considere a Confraría poderá contratar outra persoa. Nesta mesma sesión “*...siguiendo instrucciones de la Superioridad*” – non sabemos quen era tal autoridade – tamén se aproba o cese de tódolos axentes vendedores que viñan exercendo o cargo. Para darlle máis forza a este acordo, cando un par de meses despois se constitúe a Mancomunidad da Lonxa, faise constar expresamente nas súas bases o veto a que estas persoas poidan desenvolver a súa función, directa ou indirectamente, na lonxa de Cambados.

As operacións de venda empezan o día 15 de abril, feito que o presidente da Confraría comunica a tódalas autoridades (axudante de Mariña, delegado sindical...), pero dun xeito especial ao alcalde, de quen interesa – ante o temor de que poida haber incidentes promovidos polos antigos vendedores – que os axentes da súa autoridade poñan orde nas vendas e esixan credencial aos que pretendan vender sen estar autorizados.

Pero os problemas coa vendaxe non rematan coa inauguración da lonxa. Ao día seguinte, Evaristo Padín González, que fora nomeado subhastador-vendedor único en 1941, pero que non chegara a tomar posesión do seu cargo, presenta reclamación ante a Confraría alegando os seus dereitos adquiridos. A Confraría, presidida agora por Antonio Cacabelos Ojea, admite a reclamación e noméao axente; pero, advertíndolle que non pode formar sociedade nin ter como empregado a ningún dos antigos vendedores.




Esceas de venda na lonxa
(Arquivo José María Gómez Cruces)

Como as cousas non son eternas, o veto, que solemnemente reflectira a Mancomunidade nas súas bases ao constituírse, vai quedar en nada ano e pico despois, ao acordar a súa xunta administrativa – nunha sesión tida o 26 de outubro de 1946 coa asistencia do secretario provincial de Pesca, Ricardo Torres Quiroga, o que amosa a importancia da mesma – declarar nulos os acordos que incapacitaban permanentemente aos antigos vendedores. Isto permite que unha solicitude para unha praza de axente vendedor, que presentara uns días antes Joaquín Fariña Trigo sexa atendida favorablemente. Aos vendedores titulares, Jacobo Álvarez e Evaristo Padín, non lles fai ningunha graza isto e presentan unha reclamación que chegaría ao Tribunal Contencioso-Administrativo Provincial. En 1951, cando as augas parece que xa están máis tranquilas, este tribunal declárase incompetente no asunto.

As Casas Baratas de San Tomé

O nome de *Casas Baratas*, usado case sempre dun xeito máis ben despectivo, deriva dunha serie de leis aprobadas a principios do século XX e durante a Ditadura de Primo de Rivera con este nome, *Lei de Casas Baratas*, que tiñan como obxectivo a promoción de vivendas para alugar ou vender a familias con escasos recursos económicos a baixo prezo. Ao franquismo tamén lle debeu de parecer un termo pouco axeitado, e oficialmente pasaron a denominarse *Viviendas Protegidas*; mais, popularmente seguiron sendo coñecidas ata hoxe co nome primitivo.




Aínda que no proxecto inicial da creación dos pósitos contemplábase, como unha das súas funcións sociais, a posibilidade de que estes constrúen vivendas para mariñeiros, a realidade amosou as dificultades que isto tiña. Integrados os pósitos como confrarías na Organización Sindical, esta a través da súa *Obra Sindical del Hogar*, sería a encargada de construír e administrar as vivendas de promoción pública.

En 1943 a Dirección Xeral de Arquitectura redactaba un ambicioso proxecto de “100 *viviendas protegidas para pescadores en Cambados*” a construír na Granxa de Bazán, coñecida popularmente como *Campo das Caghallas*.

Vista parcial do primeiro proxecto para a construción de cen vivendas no “Campo das Caghallas” (Arquivo Municipal de Cambados)

Pronto se amosou a inviabilidade desta iniciativa e, en 1948, pasouse a un moitísimo máis modesto plan de oito vivendas, na Ribeira de Mouta ou Alameda Vella, en San Tomé, xa que o Concello non dispoñía doutros terreos con máis capacidade. A pesares da pequena dimensión do proxecto, a obra tamén levou o seu tempo, o que provocou as queixas do patrón maior, **Eugenio Domínguez Barros Torto** na xunta de mandos da Delegación Sindical Comarcal. Ata finais do ano 1955 non se fixo entrega das vivendas aos seus beneficiarios, que foron: Enrique Pérez Pazos, Luis Rial Cacabelos, Manuel Romero Durán, José Domínguez Barros, Elisardo Fernández Santiago, Antonio Costa Bugallo, Juan Chaves Cacabelos e José Trigo Lois; renunciando José Domínguez e Antonio Costa. En sucesivos reunións da Organización Sindical o patrón maior segue insistindo na necesidade de facer máis vivendas, incluso chegando a ofertar apoio económico para a compra dos terreos necesarios.



Proxecto do ano 1948 para a construción de oito vivendas en San Tomé.
(Arquivo Municipal de Cambados)

Vista aérea de San Tomé onde se aprecian as casas baratas no primeiro plano, diante da horta do pazo de Montesacro (actual Asilo).



Unha confraría deportiva

As únicas manifestacións que o franquismo lle permitía á súa Organización Sindical, a parte das de adhesión ao réxime, eran as deportivas, canalizadas a través da obra *Educación y Descanso*. Este organismo adicábase a organizar todo tipo de actividades artísticas, culturais e deportivas nas que participaban os traballadores; así como a promover a creación de grupos de teatro, exposicións de arte, coros e danzas e clubs deportivos no seo das empresas.

Na década dos 50, mariñeiros da Confraría de Cambados participaron en diversas regatas, promovidas pola Organización Sindical, demostrando ser fieles continuadores dunha afección que en Cambados xa viña de moi atrás, incluso de máis atrás que cando en 1890 Alfredo Brañas organizara unhas regatas de botes, lanchas e dornas, dentro do programa das festas da Pastora.



Grupo de mariñeiros co patrón maior Eugenio Domínguez e o alcalde Andrés Iglesias, recollendo o "Trofeo Peregrina" en 1955.
(Arquivo José Daporta Fernández)

As máis destacadas foron o **Trofeo Peregrina**, disputado en augas da ría de Pontevedra durante as súas festas, e que a Confraría de Cambados consegue en propiedade ao ganar as regatas dous anos consecutivos, o 54 e o 55; e as *I e II Regatas Regionales de Botes*, celebradas en Vigo, en 1955 e 56, ganadas a primeira por Jesús Somoza e Antonio Oubiña, e a segunda por Jesús Somoza e Jesús Cacabelos. Tamén outros cambadeses que participaron nestas regatas conseguiron bos resultados, como: Juan Estévez, Manuel Somoza, Jesús Costa, José Somoza, Luis Fariña, José Martínez, Ángel Trigo e Carmelo Ambrós.

Un novo edificio social e os cursos do PPO

A mediados da década dos sesenta, nunha situación económica máis desafogada que a da posguerra, cando se construíu a lonxa, a Confraría, presidida por **Eladio Abal Hermida**, decide renovar o seu edificio, que xa quedara pequeno para as necesidades da época, derivadas dun importante medre da flota pesqueira cambadesa, sobre todo a do cerco.

As reformas consistiron en aumentar a superficie do edificio, ocupando toda a parcela, e engadir unha nova planta. Na construción desta nova planta, que albergaría unicamente o salón de actos, foi moi polémica a decisión de non conservar a artística fachada do antigo ático, na que, con toda probabilidade, participou Narciso Pérez.

Mellor fortuna tiveron as columnas da fachada baixa, tamén da súa autoría, que se conservaron, pero adiantándoas. Na nova distribución de espazos, na planta baixa instaláronse, ademais das oficinas, sala de lectura e bar, que xa había antes, a escola e un servizo de clínica médica.

O edificio totalmente renovado inaugurouse, coa solemnidade propia destes actos, o 22 de febreiro de 1969, con asistencia das máximas autoridades, entre as que se atopaba o almirante Fontán Lobé, presidente do Instituto Social da Mariña, entidade que lle concedera á Confraría un préstamo hipotecario de 1.152.000 pesetas para levar adiante estas obras, así como unha subvención de 200.000 para a adquisición de mobiliario.

Páxina do “Diario de Pontevedra” coa noticia da inauguración do novo edificio da Confraría.



Foto aérea onde se ve o edificio da Confraría en obras. (1968)





O novo edificio xa estaba preparado para acoller outras actividades, que demandaba o incremento da flota e dos asociados. Entre as actividades que se inician no mesmo ano destacan “**os cursos do PPO**”, siglas que correspondían a un programa chamado *Promoción Profesional Obrera*, creado en 1964 polo ministerio de Traballo para formar traballadores cualificados, tanto na industria, como no campo, no mar ou nos servizos; e que se fixeron moi populares neses anos, sobre todo entre viticultores e mariñeiros da nosa zona. Os cursos eran eminentemente prácticos e, máis que ensinar unha profesión ou oficio, trataban de preparar para un posto de traballo. Tamén destacaba o carácter ambulante dos mesmos: un equipo de monitores co material de formación – máquinas, ferramentas, cadernos – desprazábase ao lugar onde se impartía o curso polo tempo necesario.

Na Confraría de Cambados, entre finais dos sesenta e principios dos setenta, sendo patróns maiores Eladio Abal Hermida e despois **Ramón Paz Cousido**, celebráronse varios cursos de motoristas navais. O incremento da flota pesqueira con barcos a motor e o definitivo abandono da vela e do remo, precisaba de persoal máis especializado, mariñeiros que non só dominasen as distintas artes de pesca, senón tamén que soubesen entender e manexar o motor dun barco. Entre os anos 1969 e 1971 houbo ata catro cursos de motorista naval, cunha duración de tres meses cada un, polos que pasaron un cento de mariñeiros que conseguiron o seu título.



Amais destes cursos do PPO, tamén o ISM organizou, nestes anos de principios da década dos setenta, cursos de patrón de pesca local e de litoral, de mariscadores, ou de promoción da muller, con grande éxito de asistencia todos eles. Mentres que o persoal que impartía os cursos do PPO procedía do ámbito do ministerio de Traballo, os do ISM dábanos xente ligada coa Comandancia de Mariña ou coa mesma Confraría, como era o caso do patrón maior Ramón Paz, mestre tamén na escola de Orientación Marítimo Pesqueira. Mais tamén, as dependencias do novo edificio social foron testemuña de moitas outras actividades e reunións, como as que se fixeron sobre o novo *Plan de Ordenación Marisqueira*, ou para tratar do longamente ansiado porto de Tragove, que agora entraba por bo camiño, e que empezaría a construírse en 1972.

Conflictos no mar

Ante os intentos de privatización de bancos marisqueiros, sobre todo do Serrido, que se teñen dado ao longo do tempo, as xentes de Cambados foron de toda a vida moi sensibles e defenderon o libre acceso a estas riquezas de calquera persoa que o desexase. Xa no ano 1607 o cardeal Gerónimo del Hoyo dicía nas *Memorias del Arzobispado de Santiago*, na visita que fixo a Cambados, que “... en lo que queda en seco, que llaman el Xarido, solía haver tantas hostras y mexillones, ameixas y berberechos que venían de Portugal y de otras partes a cargar carabelas y otros barcos...” E o poeta e xuíz de Cambados, Xoan Manuel Pintos Villar, no 1853, falando de que viñan xentes de toda a comarca do Salnés, dicía que “... todos teñen alí sin disputa igual dereito...” Así pois, non é de estrañar que as iniciativas de explotación privada que se tentaron repetidas veces, topasen coa máis forte oposición por parte dun pobo que levaba non anos, senón séculos, traballando de xeito comunitario e obtendo beneficios duns recursos naturais que lles ofrecía o Serrido e demais areais da zona.

Un dos primeiros enfrontamentos dos que temos noticia, o que non quere dicir que non houbera outros antes, cóntanolo o historiador e cronista oficial de Cambados, José Caamaño Bournacell, no seu libro *Cambados a la luz de la historia*, no que nos di que, sendo alcalde o seu avó Antonio Caamaño Arias, no último cuarto do século XIX, unha compañía inglesa, non sabemos de que xeito, chegou a comprar o Serrido, e que quixo cerralo cun valo; mais ante a masiva oposición do pobo, o alcalde foi a Madrid e fixo xestións para impedi-lo, cousa que conseguiu.

MEMORIAS Delas Iglesias del arzobispado de Santiago

VILLA DE CAMBADOS, SAN THOME Y FAISANES

Estas tres villas están fundadas riberas del mar, continuadas entre sí y por gozar y estar los moradores más cerca del mar fueron plantando y edificando sus casas junto a la ribera, y por esta causa son estas tres villas una población muy larga pero muy angosta de suerte que tiene de largo una milla buena y de ancho tendría como seis casas a partes, más como es en la playa que hay doce y partes menos, porque no hay más de una como es la que fundó el relor Antonio Domínguez que comienza de rego do Fomo. Destas villas la primera que se fundó fue San Tomé do Mar que es una isilla que está cercada de (fol. 479, v.) agua y quando debala queda en seco pero muy mojado y para poder entrar desde tierra a esta isilla hay una calzada de piedra gruesa, que será de alto como dos varas, y quando hay fortuna, la suele cubrir el mar y aun pasar un barco por cima. Esta isla se llama la isla vieja. Tiene una hermita que se llama San Tomé y también hay otro sancto que llaman San Saturnino. Tiene esta isilla una casa fuerte que por los dos tiempos le rodea el mar. Dicen la fundó Pedro Pardo, el mariscal, que está enterrado en Sancto Domingo de Pontevedra, en la capilla que ahora es San Jacinto. Esta isilla tiene diez y siete vecinos y son pobres. Salían ser ochenta. No hay en esta isilla agua dulce.

Quando debala el mar hacia la parte del Grobe, desta isilla en lo que queda en seco, que llaman el Xarido, solía haver tantas hostras y mexillones, ameixas y berberechos que venían de Portugal y de otras partes a cargar carabelas y otros barcos y en estos tiempos vienen de dos leguas a la redonda a cargar carros de todo esto fuera de las hostras.

Desta villa vieja se fueron saliendo algunos vecinos y fundaron casas en la tierra firme y a estos se debieron de llegar algunos pescadores de la tierra y fundaron la villa de San Thome, que es la que está continuada con Cambados, y la otra se llama la villa vieja.

A este modo se fueron fundando las otras dos villas que están juntas que llaman Cambados y Faisanes. No se hecha de ver las fundaron pescadores y gente de la tierra.

Un hijo del mariscal que se llamaba don Pedro de Solomayor truxo a esta torre una hija del rey de Ungría y después, en una batalla en que venció el turco, llevó consigo estas doncellas y teniendo las el Taborian envió el rey de España al dicho don Pedro por ellas, y él se aficionó a la una trayéndolas y la truxo a esta torre de la villa vieja y esta se llamaba doña Juana. En este tiempo moraba en Cambados una doña Maria de Ulloa y, según consta de un foro que ella hizo el año de 1502, devia ser poco antes y esta señora y doña Juana dicen que (folios 480 al 84 en blanco; fol. 484, r.) viendo que la iglesia de San Tomé la vieja era pequeña, determinaron hacer una buena iglesia, y de hecho la hicieron, y es la que ahora llaman Santa Marina. Desta señora y del patriarca fué hijo Don Alonso de Fonseca, el que fundó el colegio de San Bartholome de Salamanca y el colegio mayor de Santiago y libertó la ciudad de Santiago, y desde arzobispo fué hijo Don Diego de Azevedo, de la condesa de Fuentes, que ahora vive mujer que es del conde de Fuentes.

*Disputado por D. Gerónimo del Hoyo Canónigo y Cardenal
de esta Sta Iglesia y Visitador del Arzobispado por el
Sr. Maximiliano de Austria.
Año 1607*

Xa polo ano 1935, o xornal vigués *El Pueblo Gallego*, ao que tanto acudimos, danos a noticia da feliz resolución doutro conflito. Resulta que o veciño de Cambados, e depositario municipal, Ramón Vidal Grova, solicitou que se lle concedera unha parcela de seis hectáreas, na marxe esquerda do río Umia, no areal de Correló, en Castrelo, alegando que xa a viña usufrutuando dende había máis de vinte anos. Publicados os preceptivos edictos, unha comisión de cincocentos veciños de Cambados, Meaño, O Grove e Sanxenxo dirixiuse á Subdelegación Marítima de Vilagarcía, para protestar contra tal pretensión e negando que o peticionario gozase do usufruto da parcela solicitada, xa que sempre foi de dominio público. A tramitación do expediente quedou sen efecto.

Viveiros no Varal



Pero é nos anos cincuenta cando estes conflitos se fan máis continuos e máis graves. As mobilizacións son numerosas e repártense no tempo por distintos areais do litoral cambadés, dende o Saco de Fefiñáns, Varal e Serrido ata as praias de Castrelo, Correlo e Con de Xido, que daquela aínda non estaban integradas na Confraría do Grove. Ocúpanse concesións, prodúcense enfrontamentos persoais, e a Garda Civil baixa cos seus cabalos á praia para manter a orde. Hai mariscadoras detidas e, como durante o franquismo o mar estaba baixo a xurisdición militar da Mariña, algunhas son sometidas a consellos de guerra e condenadas a penas de cárcere.

A cuestión era que, durante esta década, para atender ao florecente comercio da ostra, e tamén doutras especies, vendedores e exportadores adoitaban solicitar – ou non – unha pequena parcela na zona marítimo-terrestre, que en linguaxe oficial se denominaban depósitos reguladores, onde botaban a beber o marisco que ían comprando, daí que lle chamasen tamén bebedeiros, para despois irlle dando saída segundo o mercado. Os problemas viñan cando se ampliaban estes viveiros, ou se instalaban en zonas produtivas que eran traballadas por todo o mundo, ou cando as mariscadoras se topaban co outorgamento dunha destas concesións sen información previa. Entón a situación estoupaba e sucedíanse as protestas, que tiñan un carácter totalmente espontáneo. As confrarías, os antigos pósitos, perderan xa non só a súa faciana sindical reivindicativa, se é que algunha vez a tiveron, senón tamén que a súa representatividade quedara moi minguada ao converterse en simples peóns dentro da Organización Sindical franquista. A súa función limitábase a apoiar estes movementos, o que non era pouco, e que moitas veces era decisivo para un bo resultado final. Xa que logo, as mariscadoras, sen unha estrutura organizativa, víanse na necesidade de autoorganizarse no día a día.

En xeral, os conflitos sempre se resolveron a favor dos intereses colectivos da xente que traballaba libremente nos bancos marisqueiros, pola forte contestación popular, fronte aos intentos de privatización. Así, por exemplo, no ano 1952, a pretensión do veciño de Castrelo José Martínez Padín *Paparolo*, de querer adquirir “catro



Marisqueo no Serrido



Viveiros no Varal (San Tomé)



Viveiros no Facho (Castrelo)

mil metros de Serrido”, topou coa oposición dos veciños da parroquia, coa axuda do párroco, e apoiados pola Confraría, presidida polo patrón maior Eugenio Domínguez Barros, e polo alcalde de Cambados, José Peña Oubiña, que fixeron xestións ante a Comandancia de Mariña, e conseguiron que a cousa non fose adiante. Así e todo, o veciño non se librou das críticas do Entroido daquel ano, no que as comparsas cantaban: “*San Paparolo querido, // ten dos probes compasión, // deixa que o mar sea libre, // aupa! // pra gana-lo patacón*”, ou “*O Paparolo quería comprar // catro mil metros de Serrido // a onde ibamos parar! // Daquí non saio, // daqui non hai quen me quite!*”

Uns anos despois o tema volve xurdir de novo. O industrial cambadés Manuel Otero Otero solicita, en 1956, a ocupación de dez mil metros cadrados entre Correlo e a Toxa Pequena, e unha vez máis a poboación amosa a súa desconformidade, con apoio na prensa. Para contrarrestar esta petición, a Confraría de Cambados solicita a concesión de medio millón de metros cadrados na mesma zona, co duplo obxectivo de anular calquera petición particular e, ao mesmo tempo, poñer o areal á libre disposición de tódolos veciños, como viña sucedendo dende tempo inmemorial.

O último conflito por defender o carácter público dos bancos marisqueiros de Cambados tivo lugar no ano 1975. O detonante foi o intento dalgúns concesionarios dos viveiros-bebedeiros de cerralos con valos de pedra e impedir o paso por riba deles á xente que ía ao Serrido. As mariscadoras – xa máis organizadas pola experiencia de conflitos anteriores – que cuestionaban a legalidade destas concesións, fixeron manifestacións na praia, polas rúas de Cambados, ante a Axudantía de Cambados e ante a Comandancia de Vilagarcía. A presión exercida moveu a que a Organización Sindical tomase cartas no asunto, e que unha comisión na que se atopaba o procurador en Cortes Baldomero Calviño, e o patrón maior de Cambados Ramón Paz Cousido, se entrevistasen en Madrid co subsecretario da Mariña Mercante e co director xeral de Pesca, co obxecto de xestionar a anulación da concesión orixe do problema, outorgada a Joaquina López Varela *Quinita*. A concesión sería anulada máis tarde, mentres que o BOE de 25-6-1976



Contra la parcelación de las playas

LAS MARISCADORAS DE CAMBADOS, "EN PIE DE GUERRA"

V A a haber sangue; un día de
estos va a haber sangue...»

En la playa de Cambados, descubierta por la marea baja, un par de centenares de mariscadoras, enarbolando los «sancho» como arma de guerra, dan al pequeño pueblo pesquero caracteres de motín popular. «Como en Fuenteovejuna», se grita por aquí. Desde hace doce días, las mariscadoras, con la colaboración de los habitantes de las aldeas próximas, ocupa la playa para impedir que se lleve a cabo una parcelación; les vedaría las playas donde recoge el marisco.

«Es nuestro único medio de vida, de donde sacamos algunas pesetas para ir tirando... Y ahora quieren parcelarlo, poner unas vallas para que no podamos entrar, y llevarse todo el marisco entre cuatro o cinco señores... Pero no estamos dispuestos a dejarnos casovalleros. Hace varios años, tuvimos guerra por el mismo motivo, y muchos de nosotros fuimos a la cárcel; si ahora también quieren guerra, la tendrán. Pero no consentiremos que se nos robe el pan de los hijos. El mar es libre, y debe ser de todos...»

«Ayer vinieron a medir las playas para parcelarlas, y entonces tocamos las campanas, acudiendo toda la gente de los alrededores, y lo impedimos. Si vuelven, tocaremos las campanas otra vez.»

«Y es que hay mucho sinvergüenza, que quiere enriquecerse

sea como sea a costa del dolor medio de vida de los pobres. Quieren que nos muramos de hambre, que nuestros hijos sean asiflabetos como nosotros... Nos van a dejar sin playas, quieren quedarse con todo... Pues bien; si quieren guerra, la tendrán; defenderemos lo nuestro, el mar libre, con uñas y dientes...»

El problema no es exclusivo de Cambados, sino que, con diversas alternativas, se repite a todo lo largo de las rías gallegas. Ante la intensiva explotación de la riqueza marisqueña de las playas, las autoridades han ido estableciendo unos sistemas de explotación más racional de éstas, basada en la parcelación y adjudicación a quienes cuentan con medios adecuados y se comprometen a no esquilmar el marisco. Naturalmente, esto lesiona gravemente los intereses de los marisqueiros independientes, que en la mayor parte, quienes vienen a las playas para sacar unas pesetas a base de unos cuantos herberuchos y navajas. Las reacciones de éstos ante los nuevos planes marisqueños han quedado plasmadas de forma eloquente en los comentarios antes citados, y queda claro que la decisión de los mariscadores a no dejarse casovalleros puede seguir originando incidentes similares en todas aquellas rías donde no ha llegado la parcelación.

Recorte de
"Pueblo" de Madrid

«Os Mariscadores»

Vimos en plan de confianza
e pedimos atención
a xente que nos escolta
que dea a su opinión.

Somos os mariscadores
que queremos expresar
a historia da nosa playa
que nos querían roubar.

ESTRIBILLO

Xa temos libre, xa temos libre
a playa de San Tomé,
xa temos a playa libre
pra os probes comer.

Nosa Virxe da Pastora
quen che rompeu a escaleira,
pra non tocar a campana
pra non librar a Reveira.

(Estribillo)

Hai un home neste pueble
que todo fai con diñeiro,
xa ten a todas viudas
pero non ten o Viveiro.

(Estribillo)

Nosa nai da Valvanera,
perdonalle e non castigues
a quen che rompeu a caixa
e non che entregou os tiques.

Hai un home en este pueble
que che trata no marisco,
e ten a moitas viudas
e a todas lle da un velisco.

(Estribillo)

Neste pueble cambadés
hai moitos pelotilleros,
que van a casas dos ricos
a levantarle o sombreiro.

ESTRIBILLO

Pero esta xente non pensa
en que ten que traballar,
como o mais probe honrado
e o riñón ten que baixar.

No barrio de San Tomé
hai un burro moi xentil
que acarrex a toda cría
do Serrido pra Carril.

Nos non estamos dispostos
que trñamos que aguante,
darlle dos tiros o burro
e deixálo pateado.

(Estribillo)

Con esto nos despedimos,
gracias por su atención,
con el Carnaval del año
que es otra distracción.



San Vitorio y Noya - Cambados, 7 Cambados, 1976

O conflito do Serrido tamén foi motivo
de crítica no entroido de 1976.



Marisqueo no Serrido
(Arquivo José María Gómez Cruces)

publicaba a autorización concedida á Confraría de Cambados para a explotación marisqueira de ostra, ameixa, berberecho e navalla nunha extensión de máis de 900.000 metros cadrados entre o peirao de Cambados e a desembocadura do río Umia, incluíndo todo o Serrido.



Unha das consecuencias máis positivas destas mobilizacións foi o nacemento, por primeira vez en Cambados, dunha organización para regular a explotación do Serrido, que estableceu, entre outras normas, un tope de capturas por día e persoa, e un único punto de control e venda, o que provocou unha notable mellora dos prezos para as mariscadoras. Mais, a experiencia durou ben pouco. Os compradores, acostumados a fixar os prezos ao seu gusto, preferían unha situación sen control como a anterior, e boicotearon a iniciativa.

Tamén unha das consecuencias positivas que tivo este conflito foi a sensibilidade medioambiental que espertou nas mulleres do Serrido, ante calquera tipo de agresión contra a riqueza natural da que se beneficiaban tantas familias. Cando viron que as augas do río Umia baixaban turbias e producían unha alta mortalidade do marisco no Serrido, decatáronse que a abusiva extracción de area do río Umia, para atender o boom da construción destes anos, era a causante da desgraza. Outra vez, mobilizándose e apretando ás autoridades, as mariscadoras de Cambados conseguiron a clausura das nocivas plantas extractoras de area.



Punto de control na Escalinata de San Tomé,
organizado polas mariscadoras en 1975

Unha das derradeiras areeiras do Umia



Outros conflitos orixinados na ría tiveron máis que ver co emprego de determinadas artes, que coa disputa polos lugares de traballo, como pasou nos anos cincuenta e sesenta co emprego da forquilla – sempre se usou máis a palabra castelá *horquilla* – instrumento de traballo no campo aplicado, como outros, ao traballo no mar; o que orixinou as protestas dos mariscadores do rastro, que denunciaban o dano que a forquilla facía nos fondos mariños. No fondo tamén había un problema social, entre profesionais do mar, que traballaban nel durante todo o ano, e labradores que, nos períodos en que non había labores no campo, ían gañar unhas pesetas ao mar meténdose coas súas ferramentas no terreo daqueles. A forquilla alternou períodos de legalidade e ilegalidade.

Pero o conflito que tivo moita máis repercusión social e mediática, na década dos sesenta e setenta, foi o emprego do chamado *can* ou *endeño remolcado*, un rastro de maiores dimensións, superior robustez e grandes dentes, pensado para traballar en profundidades onde non chegaba o rastro de vara, e que precisaba de fortes motores para o arrastre. O uso do can sempre estivo rodeado de polémica. Os seus partidarios argumentaban que, a parte de coller marisco en zonas onde non se podía doutra maneira, labraba os fondos e osixenábaos; mentres que os contrarios culpábano de esquilmar estes fondos e dificultar a reprodución das especies.

Dende o ano 1970 estaba expresamente prohibida a utilización do can por unha orde ministerial do 25 de marzo; sen embargo mariñeiros da ría de Vigo e da de Arousa – Cambados, sobre todo – seguírono a usar durante anos, contando cunha certa permisividade das autoridades da Mariña, que se interrompía cando xurdían protestas dos sectores contrarios ao seu uso. As protestas procedían sobre todo dos sectores do marisqueo a pé e do marisqueo a flote con rastro de vara doutros portos da ría, que nestes anos estaban a desenvolver con relativo éxito plans de cultivo e explotación de bancos naturais, que os que andaban ao can moitas veces non respectaban. Estes sectores tiñan unha ampla presenza na poboación mariñeira da ría, e exercían unha grande presión social. Ás veces as protestas derivaban en enfrontamentos violentos, con algún que outro ferido ou barco secuestrado.



Forquilla



Cans

Pola súa banda, a Confraría de Cambados tentaba chegar a fórmulas de compromiso coa Administración para despenalizar o uso do can, e patróns maiores como Ramón Paz Cousido e Egidio Varela González, solicitaron repetidas veces que se establecese con carácter experimental unha regulación que permitise o uso racional do can, sen prexudicar a outros sectores, establecendo o tamaño e medidas da arte, e horarios e zonas de traballo; pero estas peticións nunca obtiveron resposta. Nos anos da transición aumentaron as protestas, agora xa con presenza do sindicalismo organizado, representado polas Comisións Mariñeiras. Finalmente, ante a presión exercida, o 20 de outubro de 1980, o ministerio de Agricultura decretaba expresamente a prohibición definitiva do can.

viernes, 28-noviembre-1980

La Voz de Galicia

pontevedra 29

Las cofradías de la ría de Arousa explican su problemática actual (2)

Patrón mayor de Cambados: «El «can» es necesario para recoger el marisco que no alcanza la «vara»

- «El plan marisquero no ha solucionado ningún problema de nuestra ría»
- «Nosotros estamos ahora mismo en una especie de paro total ordenado por la propia Administración»

En los nueve primeros meses del presente año, la producción pesquera de Cambados alcanzó la cifra de 4.000 toneladas, cuando la prohibición, en su...



La Voz de Galicia

viernes, 30-noviembre-1979

Cambados: los mariscadores piden que el «Plan Marisquero» elabore un informe sobre el «can»

- *También proponen un diálogo constructivo sobre la problemática actual con los marineros de la Isla de Arousa*

82-10-80 marítima 43

Prohibida expresamente la pesca con «can»

- *El Ministerio de Agricultura da quince días de plazo para que los mariscadores se deshagan de dicho aparejo*

MADRID, 21. — («Colpisa»). El Ministerio de Agricultura ha hecho pública la siguiente nota:

«En distintas regiones de nuestras costas los mariscadores asociados en entidades de diferente tipo, han iniciado con éxito la explotación de sus bancos naturales de moluscos por medio de cultivos extensivos que precisan mantener los métodos extractivos tradicionales mientras no cambie la actual situación socio-económica de la población costera.

Son frecuentes los conflictos, localizados principalmente en las rías gallegas, en torno a la extracción del marisco con el andén remolcado llamado «can».

De acuerdo con los asesoramiento biológicos oportunos, se considera este instrumento como dañino, y causante de una grave disminución de aplan en el sector marisquero al sustituir el esfuerzo humano por una extracción mecánica masiva y esquilamiento de marisco.

La conflictividad del momento actual y la problemática que conlleva aconseja, ante este instrumento no autorizado, la toma de medidas para solucionar definitivamente esta situación.

En su virtud, este Ministerio,

de conformidad con el informe del Instituto Español de Oceanografía y a propuesta de la subsecretaría de Pesca, ha tenido a bien disponer:

1. — Se amplía la norma octava de la orden ministerial de 25 de marzo de 1970 sobre normas para la explotación de bancos naturales y épocas de veda, en el sentido de que la utilización del andén remolcado llamado «can» queda expresamente prohibida, entendiéndose por tal todo aquel instrumento marisquero extractivo que se utilice remolcado y disponga de dientes de una longitud superior a 150 milímetros.

2. — Cualquier patrón de embarcación que disponga del citado instrumento marisquero, habrá de deshacerse de él por el procedimiento que considere oportuno en el plazo de quince días a partir de la entrada en vigor de la presente orden, pasado dicho plazo será sancionado la simple tenencia a bordo del indicado instrumento o parte del mismo, que además será confiscado.

3. — Las infracciones que se cometan contraviniendo la presente orden ministerial serán sancionadas de acuerdo con la reglamentación en vigor, siéndole de aplicación el real decreto 681/1980 de 28 de marzo.

A Confraría de Cambados na actualidade

Á morte de Franco a historia vai ir dando unha serie de pasos, para uns moi lentos e para outros demasiado rápidos, que nos levará dun réxime ditatorial a un sistema democrático, a través dun período que se deu en chamar transición. Moitas cousas cambiaron, outras, non tanto; outras desapareceron e outras xurdiron de novo. As confrarías, os antigos pósitos, nome que aínda está vivo, tamén tiveron o seu cambio. Non imos entrar agora en se foi pouco ou se foi moito, ou se debían desaparecer. Aí están. Igual que están unha serie de feitos que, directa ou indirectamente, protagonizaron. Facer historia de feitos recentes, que aínda están na retina de moitos e moitas, non é doado. A súa lembranza está cargada dunha inevitable subxectividade, e en moitos aínda non pasou o tempo suficiente para contemplalos coa necesaria distancia. Así pois, e tamén porque o tempo non dá para máis, faremos, a modo dun cadro cronolóxico, un resumo dos principais acontecementos que nos últimos anos, en Cambados, tiveron como protagonistas o mar e as súas xentes. Quede para máis adiante a súa análise e relato polo miúdo.



Peirao de Cambados (1979)



Construción do espigón de Fefiñáns e obras no porto de Tragove(1979)





Peirao de Cambados (1981)

La Voz de Galicia

sábado, 19-julio-1980

Presentación de la nueva «Agrupación Marisquera de Cambados»

● Se pretende acabar con la anarquía reinante entre las representaciones marisqueras de toda la ría

En la mañana de ayer tuvo lugar una rueda informativa, convocada por «OC.MM.», con motivo de la presentación de la «Agrupación Marisquera de Cambados», de reciente creación e incluida dentro de la cofradía de pescadores de Cambados, pero con autonomía propia.

«Hasta este momento, existía la creencia de un enfrentamiento abierto entre los pueblos de la ría de Arousa. Pero esta idea queda totalmente anulada en el momento que en Cambados surge esta agrupación con una fuerza inusitada», manifestó Tito Ucha como portavoz de «OC.MM.»

O Grove, a Illa de Arousa, Aguiño y Ribeira, venían realizando una serie de procesos para acabar con la anarquía reinante en cuanto a la explotación de la riqueza marisquera de la ría, por medio de una racionalización de la explotación y unas capturas equitativas.

Pero el patrón mayor de A Illa dijo que «sin la colaboración de Cambados, eso sería casi imposible».

En la asamblea de constitución de la mencionada agrupación se establecieron varios acuerdos por la mayoría de los presentes, por una parte, con un compromiso de respetar la veda, y por otra, de intentar llegar a un trato con los mariscadores de la ría. «Somos conscientes —manifestó un miembro de la agrupación— de que hay furtivos en Cambados, quizás más que en otros sitios donde la unidad es más fuerte».

Y para evitar esas prácticas ilegales, «OC.MM.» tenía prevista una nueva reunión con el gobernador civil para lograr una mayor vigilancia y colaboración por parte de las autoridades de Marisqueo.

cretamente, una lancha de vigilancia en Cambados y dos guardias jurados. Y desde tierra, por otra parte, una actuación de la Guardia Civil en puntos estratégicos donde fueran los furtivos.

Otra de las medidas tomadas, consiste en baillar todas las comisiones y cofradías con el fin de demarcar la zona de trabajo de cada uno. Incluso, se pretende conseguir que los marisqueros que no se incluyeran en estas organizaciones no puedan trabajar dentro de la zona ballada, puesto que son conexiones de la cofradía.

Cara a la apertura de la veda, proyectó establecer prácticas de control, con el fin de que el marisco sea totalmente vendido en lonjas, y no en barcos o en las propias casas, como se venía haciendo

hasta ahora. De este modo se establecerá una forma de control, tanto sobre la producción de la ría como sobre el precio y el peso del marisco.

«Lo que pretendemos con todo esto, es trabajar el mar, equitativamente sin perjuicio de ninguno, pero también sin que nadie nos duela», señaló un representante de la nueva agrupación.

«Si no contamos en esta reunión con la presencia del patrón mayor de la cofradía de Cambados, Eginio Varela, es sencillamente porque no está de acuerdo con nosotros», reconocieron durante la rueda informativa.

Uno de los motivos fundamentales que movió a la creación de la agrupación fue entablar relaciones amistosas con el resto de los puertos de la ría.

«Cuando únicamente existía la cofradía —manifestó el patrón mayor— por motivos laborales, la gente de Cambados no podía ni pisar a Illa, y gracias a este puñado de hombres de la agrupación estamos entrando en una postura amistosa, que antes, con la cofradía de Eginio Varela no podía ni soñar. Y esto era precisamente porque un patrón mayor tiene que ser liberal y estar abierto a todas las posturas», terminó diciendo el patrón mayor de A Illa.

SOLEDAD VENCE

1979:

-Problemas na ría polo **emprego do can**. Xente da Illa de Arousa apresa o barco cambadés *Julia*.

-Elección de **Egidio Varela González** como patrón maior, en aplicación do real decreto 670 de 1978, nova normativa pola que se rixen a partir de agora as confrarías de pescadores.

1980:

-Constitúese a **Agrupación Marisqueira de Cambados** coa idea de colaborar con outras da ría para unha mellor organización da explotación dos recursos.

-Continuos incidentes polo uso do can e polo furtivismo en xeral. No mes de outubro o goberno central decreta a prohibición total do can.

1981:

-A raíz da morte dun mariscador furtivo por un disparo, alcaldes da ría propoñen a creación dunha policía autónoma do mar para vixiar a zona e evitar incidentes.

1983:

-Inauguración da **Casa do Mar** en Cambados.

-Protesta dos armadores dos cerco de Cambados, que traballan con artes legais, pola medida adoptada pola Consellería de Agricultura e Pesca de botar obstáculos no fondo do mar para impedir faenar ás artes prohibidas.

-Elección de **José Severino Trigo Durán** como patrón maior.

1984:

-As confrarías de O Grove, Cambados, A Illa e Vilanova, en colaboración coa Consellería de Agricultura e Pesca poñen en marcha conxuntamente o **Plan de Explotación do Bao**, como experiencia piloto contra o furtivismo.

-Suspensión de pagos de **Conservas Peña**.

Miércoles
7 de octubre de 1992

Instan a que Santiago Tirado asuma el papel de mediador

Las trabajadoras de Peña anuncian movilizaciones

VILAGARCÍA
Redacción

Las 43 trabajadoras fijas discontinuas de la fábrica de conservas Peña en Cambados están dispuestas a iniciar una campaña de movilizaciones si la empresa cierra la factoría sin acceder a la pretensión sindical de que los empleados se trasladen a la factoría de Vilaxón en calidad de fijas. La CIG informó ayer en rueda de prensa que el primer encuentro entre representantes de la conservera y las trabajadoras, celebrado la semana pasada, se saldó sin acuerdo por la negativa de la firma conservera a convertir en fijas a las trabajadoras de Cambados.

La empresa, que fue presidida por el alcalde de Cambados, Santiago Tirado, fue calificada de «frustrante» por los portavoces sindicales. El planteamiento expuesto por la empresa, según informaron los



El cierre de la conservera cambadésa en más que seguro



1985:

-Mariscadores feridos de bala e agresións a gardaxurados en distintos incidentes orixinados pola represión do furtivismo.

-Reúnense en Cambados representantes de confrarías das provincias da Coruña e Pontevedra ante o boicot de exportadores da Coruña e Vigo ao **convenio da sardiña**.

-Creado no ano anterior, no seo da Confraría en colaboración co Concello, o **Club de Remo Vento Mareiro**, organízase a **I Bandeira de Traiñeiras** pola festa de San Benito.

-A Confraría de Cambados protesta ante a Dirección Xeral de Portos da Xunta de Galicia polo intento de privatización dos locais da **escalinata de San Tomé**, onde a Confraría tiña proxectado crear unha lonxa para a comercialización do marisco do Serrido.

1986:

-Os colexios de EXB Antonio Magariños, San Tomé e Castrelo, coa colaboración da Confraría de Cambados, que cede unha parcela, participan no programa **Aulas de Acuicultura**, organizado pola Dirección Xeral de Marisqueo e Cultivos Mariños da Xunta de Galicia.

-Construción dunha **granxa mariña** para cultivo de rodaballos pola empresa Ibergalicia en Bico da Ran (Castrelo).

-O Club de Remo Vento Mareiro organiza a **II Bandeira de Traiñeiras** polas Festas do Albariño.

1987:

-Incidentes entre arrastreiros de Cambados e bateeiros do Grove pola disconformidade de criterios no **aproveitamento do mexillón de fondo**; que se reproducen a finais de ano, despois de infrutuosas negociacións entre as dúas partes.

-A comisión de goberno do Concello de Cambados dá luz verde ao **proxecto de construción dunha nova lonxa no porto de Tragove**, e a Consellería de Ordenación do Territorio adxudica as obras.



A traiñeira "Vento Mareiro" e o cartel da I Bandeira de Traiñeiras organizada en Cambados.



O peirao de Tragove antes da construción da lonxa



Vista aérea de Cambados onde se aprecian as obras no peirao de Tragove



Imaxe do conflito do castelete publicada na prensa



Lonxa de Cambados

1988:

-**José Sineiro Cacabelos** é elexido novo patrón maior.

-Arrasteiros de Cambados propoñen á Consellería de Pesca un acordo para a regulación da recollida do mexillón de fondo, contemplando censo de barcos autorizados, horarios, topes de captura e zonas de traballo.

-**Cursos de patrón de pesca e redeiro**, na Confraría de Cambados, convocados pola Organización de Produtores de Pesca da Flota Artesanal de Pontevedra.

1989:

-A principios de outubro, coincidindo co inicio da campaña marisqueira, grupos de mariscadoras de Corvillón, que alegan dereitos históricos, entran a traballar nas concesións da Confraría de Vilanova, nas **praias do Bote e Castelete**; producíndose graves incidentes con feridos, pola oposición das mariscadoras de Vilanova e a intervención da Garda Civil.

-**Inauguración da nova lonxa** no porto de Tragove, que entrará en funcionamento un ano despois.

1990:

-A Confraría de Cambados presenta á Consellería de Pesca un **proxecto de recuperación do litoral da zona de Tragove** como solución ao litixio con Vilanova pola praia do Castelete.

-A Consellería de Pesca aproba que as confrarías e asociacións de marisqueo elaboren **plans parciais e específicos para a explotación** das súas autorizacións, rompendo así o rixido sistema de vedas que había ata agora.

-A Consellería de Pesca aproba o **proxecto de recuperación de Tragove**, presentado pola Confraría, así como tamén un proxecto de **recuperación do Saco de Fefiñáns**, que inclúe a apertura dunha ponte de doce metros na estrada de acceso ao porto de Tragove, para conseguir unha óptima renovación das augas.

1991:

-Comeza a funcionar a **nova lonxa en Tragove**, despois da disolución da Mancomunidade formada por Concello e Confraría que explotaba a anterior, pasando a actual a ser de competencia exclusiva da Confraría.

1992:

-Novos enfrontamentos entre bateiros e arrastreiros pola recollida do mexillón de fondo, caído das bateas.

-A **construción dun emisario submarino** para verquer lonxe da costa as augas residuais de Cambados atopa unha forte oposición de bateiros, mariscadores e mariñeiros en xeral. Iníciase unha campaña de recollida de sinaturas.

-Protestas de mariscadoras pola **extracción de area no Serrido** por parte dun barco-draga.

1994:

-Empeza a construción dunha estación **depuradora de augas residuais**, en Tragove, para dar servizo aos concellos de Cambados e Vilanova.

1995:

-O patrón maior, José Sineiro Cacabelos, presenta a súa dimisión alegando a falta de apoio da Consellería de Pesca ao sector marisqueiro de Cambados.

-Elección de **Julio Dozo Gómez** como patrón maior.

-Enfrontamento entre mariscadoras de Castrelo e de Cambados pola **explotación da praia de Correlo**. O novo patrón maior reclama esta praia, que é unha concesión da Confraría do Grove, para a de Cambados.

-Dragado da dársena de San Tomé para dotar de calado ao porto deportivo construído na zona das Ghoritas, e rehabilitar a praia de San Tomé.

-As axudantías de Mariña, entre elas a de Cambados, pasan a ser **capitanías marítimas**, con competencias en tráfico, seguridade, despacho, rexistro e persoal marítimo.

-Paralización da flota da vieira pola detección de toxina.

En Cambados sospechan que se está llevando para Vilagarcía

Denuncian la extracción ilegal de arena en bancos marisqueros

Un centenar largo de mariscadoras de Cambados presentaron ayer una denuncia ante la delegación de Pesca por la presunta extracción ilegal de arenas en el banco marisquero de O Sarrido. Las mariscadoras, que también expusieron su problema ante la Cofradía y la Comandancia de Marina, sospechan que las arenas se están destinando a la regeneración de las playas de Vilagarcía. «Nós —dijó una portavoz— nos queremos a revolución, pero si temos que facela, faremo-la». Todo con tal de defender su medio de vida.

YRAGARCIÁ, M. VELAZQUEZ

Incidente en la cofradía

ta que se seguía extinguiendo arena, incluso de noche —según su testimonio—, los mariscadores decidieron exponer su problema directamente ante la Cofradía. Así, en la tarde del

[illegible]

«Aquí la moneda procede de alguien que no quiere que se la pague, que está dispuesto a cederlo el proyecto. Si se pasa muy dentro, a lo mejor tendrémos que no hacerlo», señala. Mado no explica, «otra vez», que la zona arbolada son los fondos de tierra, pensando que el *Arca Noé* tiene mucho peso en la zona, pero está dispuesto a repetir los sucesos de hace 16 años, cuando plantaron caña a las arenas de Cantelero.

**La primera
consecuencia
Dimite el
patrón mayor**

El conflicto de la extracción de aena ya se ha cobrado su primera víctima: José Sineiro, patrón maderero, presentó su dimisión después de la «revuelta» de las mujeres el pasado martes. Cuando éstas no concuerdan a la reunión con los hombres, Sineiro alega que con él ya no tenía nada que hacer, sugiriendo no el exilio de su residencia. El patrón mayor explicó a este diario que su dimisión — que ya presentó en varias ocasiones y retiró en otras tantas — fue comunicada personalmente al coestellero el pasado viernes. La denuncia se basa en circunstancias personales y en la «opresión» de determinación colectiva. Ayer estableció una reunión convocada una reunión ante el cabildo.

El BNG lleva el caso al Parlamento

Así la política nacional en Cambaros por este caso, el parlamentario nacionalista Francisco Trigo no ha dudado en dar explicaciones a la Comisión. Trigo ha presentado una pregunta a la Comisión de Pesca en la que se interesa por las extracciones de arena en los bancos naturales de As Canteiras y As Meas (cerca de A Toxa y la costa de Cambaros). Trigo quiere saber si Pesca conoce estas extracciones, si las autoriza, en caso contrario si Inspección Pesqueira denuncia su existencia; y de cualquier modo, cuáles van a ser las medidas que se van a adoptar para evitar que se siga extrayendo arena de esos bancos naturales.




EDAR de Tragove

José Sineiro compara la situación de los cambadeses a la de los fletaneros gallegos en Canadá

Mariscadores a flote de Cambados piden zonas más amplias de trabajo a Pesca

La cofradía de pescadores de Cambados convocó para mañana sábado al colectivo de mariscadores a flote para abordar posibles medidas de que se considera una progresiva disminución de zonas de trabajo. El patrón marino declaró ayer que cofradía...





Un centenario de barcos de Cambados bloquearon el puerto de Tragove desde primera hora de la mañana de ayer hasta pasado el mediodía.

Pesca advierte que no cederá a las presiones y nunca permitirá faenar en áreas afectadas por biotoxinas

La flota de la vieira de Cambados bloquea por segunda vez un puerto en Arousa

La totalidad de la flota de Cambados que se dedica a la captura de la vieira bloqueó durante la mañana de ayer el puerto de Tragove para exigir a la Consellería de Pesca que abra la Zona IV de la ría de Arousa, actualmente cerrada por presencia de la toxina DSP.

El director xeral de Marisqueo, Amancio Landín

VILANOVA
Kilómetros

Un centenario de barcos se concentraron a primera hora de la mañana de ayer en la boca del puerto de Tragove para demandar a la Consellería de Pesca que abra la Zona IV, al Sur de la ría, para la recogida de vieira. Los concentrados, según sus portavoces, mantienen las movilizaciones hasta que la Xunta amplíe las zonas de trabajo.

La zona IV de la ría, efectiva-

Jurritz, señaló ayer que «la salud pública está por delante de cualquier presión». Esta es la segunda vez que la flota cambadesa bloquea un puerto en los últimos días. El pasado viernes, una treintena de barcos cercaron el puerto de Vilanova, donde se halla el Centro de Control de Marisco Rojo.

El colectivo creyó que podía influir en esa zona a partir del pasado martes, por lo que varias embarcaciones se presentaron esa mañana en el lugar. Las lanchas de Inspección Pesquera les comunicaron que la zona estaba cerrada.

El BNG propone de nuevo en el Parlamento que se abran ayudas

El diputado del BNG Francisco Tripp Durán presentó ayer una iniciativa en el Parlamento gallego en la que pregunta a la Consellería de Pesca qué medidas tiene previstas para ayudar a la flota de la vieira de Cambados «que padece graves daños económicos que está a sufrir». Quiere saber además si existe alguna previsión de Pesca para abrir el resto de las zonas de la ría donde se extrae esta especie. Recuerda que la flota de la vieira de Cambados es la más importante de Galicia y suma un importante colectivo humano del que dependen muchas familias.

En la iniciativa se señala que la situación de la flota «de-

Marisqueo confirma que hay buenos indicios para autorizar otras dos zonas

El director xeral de Marisqueo, Amancio Landín Jurritz, señaló ayer que en este momento «no depuramos está a la espera de que se produzca un segundo análisis negativo en la Zona IV de la ría. Ayer se realizó un muestreo en esa zona, cuyos resultados se conocerán hoy o mañana. «Si lo es ese segundo análisis de negativo —«subraya»,— se procederá a su apertura». Landín añadió que la impresión de Pesca es buena tanto para la zona, como para la Zona II, que viene dada por una franja que va desde Ribeira y Pedreira hasta A Illa y O

son los informes correspondientes delante, porque pueden hacer lo que quieren para la consellería no va a poner en peligro la salud pública ante las presiones de nadie. Landín manifestó su comprensión ante la impiedad del colectivo de la vieira, una especie de alta rentabilidad económica cuya captura se concentra en una determinada época del año. En este sentido, recordó que a la flota cambadesa se le ofreció, junto a la de Cangas y Buea, la posibilidad de recoger otro tipo como alternativa. En Cambados ocurrió que toda la

1996:

-Segue a **paralización da flota da vieira** durante os primeiros meses do ano pola presenza de toxina.

-Ante a gravidade da crise, a Consellería de Pesca ofrécelle ao colectivo marisqueiro de Cambados zonas exclusivas para faenar, a posibilidade de cultivar ostra, e incluso traballar co can, a cambio de que se organice o sector. A proposta do can encontra forte oposición noutras confrarías da ría, e o de organizarse non ten boa acollida entre mariscadores e mariscadores, fracasando varias reunións con este obxectivo.

-Celébrase en Pontevedra o xuízo polos incidentes da praia do Castelete sucedidos en 1989.

-Despois dun ano de paro, ábrese só unha das catro zonas de vieira que hai na ría. Esgotada a súa capacidade aos poucos días, sucédense as protestas da flota, con bloqueos portuarios e folga xeral en toda a poboación de Cambados. Ábreanse outras zonas.

1997:

-Protestas polo **plan de reordenación de bateas** que está a levar a cabo a Consellería de Pesca.

O retraso da apertura da campaña da vieira provoca tamén protestas, e que a corporación municipal celebre un pleno extraordinario para dirixirse á Xunta esixindo solucións.

1998:

-O asociacionismo ábrese paso no sector do mar en Cambados. A principios de ano constitúense dúas asociacións: a das **artes de bou de vara, rapeta e chinchorro**, de carácter comarcal con Vilanova, Rianxo e Vilaxoán; e a da **flota da vieira**, de carácter local.

Ampliáanse os servizos no porto de Tragove coa **construción de naves para usuarios do porto (chabolas) e para redeiras**. Retárdase a fábrica de xeo.

-As **mariscadoras** piden un plan de traballo para o Serrido e, aínda que ao principio se resisten, acaban organizándose nunha agrupación. Como primeira presidenta é elixida **Isabel Pérez Fernández**.

Marites
30 de agosto de 1998

El sector de la vieira, por su parte, creó otra agrupación para defender sus intereses

Constituida en Cambados una asociación profesional del bou de vara de toda la ría

Armaduras y marmitas de la ría de Arousa que trabajan con el bou de vara, la rapeta y el chinchorro constituyeron el pasado sábado en Cambados una asociación profesional cuyo primer objetivo será defender sus intereses ante la Administración, sobre todo, ante los intereses de algunas confrarías de

erradizar estas artes. A la reunión asistieron armadores y marmiteros no sólo de Cambados, zona también de Rianxo, Vilanova y Vilaxoán. La asociación tiene previsto celebrar una entrevista con el consejero de Pesca, Amancio Landín, en los próximos días.

VILACABO 14

La denominada Asociación Profesional de Artes Armadoras de Bou de Vara, Rapeta y Chinchorro nació en una reunión celebrada en la tarde del sábado en Cambados a la que asistieron dos centenares de armadores y marmiteros de la localidad cambadesa, Rianxo, Vilanova y Vilaxoán. Una persona, es la que hoy representa a los cuatro pueblos, pero se ha encargado de dar los primeros pasos para hacer valer sus intereses.

Prácticamente toda la mañana la celebración de Ribera auspiciada que había prohibido a todos los marmiteros que desearan con el bou de vara, la rapeta y el chinchorro, en sus respectivos territorios, la zona de trabajo de la Asociación Profesional de Artes Armadoras de Bou de Vara, Rapeta y Chinchorro. En esta zona de trabajo se han colocado unos cuantos chabolas, como se les llama, y se refuerza la presencia de la asociación con lanchas de los marmiteros, armadores y marmiteros.

También se constituyó el día del sector que celebraron en Cambados, en este caso, la constitución de una asociación profesional que defenderá a parte de los intereses de la zona de la ría de Arousa. La idea ya se puso en la campaña pasada y se refuerza la presencia de la asociación con lanchas de los marmiteros, armadores y marmiteros.

En el sector que celebraron en Cambados, en este caso, la constitución de una asociación profesional que defenderá a parte de los intereses de la zona de la ría de Arousa. La idea ya se puso en la campaña pasada y se refuerza la presencia de la asociación con lanchas de los marmiteros, armadores y marmiteros.

En el sector que celebraron en Cambados, en este caso, la constitución de una asociación profesional que defenderá a parte de los intereses de la zona de la ría de Arousa. La idea ya se puso en la campaña pasada y se refuerza la presencia de la asociación con lanchas de los marmiteros, armadores y marmiteros.

1999:

-A Confraría de Cambados solicita á Xunta a concesión da praia de Correlo, en Castrelo.

-Créase unha asociación de rañeiros co nome oficial de **Asociación Profesional de Mariscadores de Vara**. É elixido presidente **José Antonio Agra Rebolledo**.

-As recentes asociacións creadas no seo da Confraría de Cambados participan en mobilizacións contra a instalación de **depósitos de fueloil no porto de Vilagarcía**, e contra o **encoro construído en Caldas**, polas repercusións negativas que poden ter sobre a riqueza marisqueira e peixeira da ría.

-A consellería de Pesca destitúe a Julio Dozo Gómez como patrón maior e convoca eleccións. Sae elixido patrón maior **Benito González Sineiro**.

2000:

-Oposición das confrarías de O Grove, A Illa e Cambados á construción dun **porto deportivo na Toxa**, pola influencia negativa que pode ter nos bancos marisqueiros próximos, como Correlo e O Serrido e outros.

-A Confraría de Cambados intégrase na **Plataforma en Defensa da Ría de Arousa**.

-Rematan as obras da **fábrica de xeo** no porto de Tragove, pero non entrará en funcionamento por non haber suficiente potencia eléctrica na zona portuaria. A explotación da fábrica é adxudicada por concurso á Confraría de Cambados.

-Entra en funcionamento en Bico da Ran (Castrelo) Aquacría, **nova granxa de engorde de rodaballo**.

-Ante a presenza xa endémica de **toxina nas zonas de vieira**, a Confraría de Cambados proponlle á Consellería de Pesca dous plans: vender as vieiras con toxina a bateiros, para que estes as depositen en bateas ata que se autodepuren; ou que unha empresa autorizada lles retire o hepatopáncreas e as comercialice evisceradas.



Porto de Tragove



Pantaláns do Facho (Castrelo)

2001:

- Sigue a veda da vieira.
- A Confraría de Cambados propón un **plan de explotación do mexillón de fondo** para compensar do longo peche da extracción da vieira. Apoian a proposta o Concello de Cambados, a Federación Provincial de Confrarías de Pontevedra e a Asociación de Depuradoras. Opóñense as organizacións de bateeiros. A Consellería de Pesca di que é requisito indispensable que as partes interesadas se poñan previamente de acordo. A Consellería acepta facer probas e análises para ver a viabilidade de comercialización.
- Isabel Pérez Fernández** é reelixida presidenta das mariscadoras.
- A Consellería de Pesca autoriza a **campaña experimental de explotación do berberecho rabioso**, solicitada pola confraría.
- Portos de Galicia instala **pantaláns en O Facho-Castrelo**, para servizo dos mariscadores e mariscadoras.
- Consellería e Confraría estudan cunha empresa conserveira o proxecto de comercializar a vieira eviscerada.
- O conselleiro de Ordenación do Territorio inaugura a fábrica de xeo.

2002:

- Ponse en marcha o **plan de evisceración da vieira**, como paso previo á súa comercialización. Outras confrarías, como Ferrol, Bueu, Cangas e Rianxo, tamén participan no plan.
- Entra en funcionamento a fábrica de xeo.**
- A Confraría fai campañas de **promoción da vieira** eviscerada en Madrid.
- Confraría, Concello e a empresa Vieira de Galicia celebran no mes de agosto unhas Xornadas de Exaltación da Vieira ou **I Festa da Vieira**, coa intención de recuperar e promover este sector. A iniciativa ten boa acollida social e repetirase en sucesivos anos ata a actualidade.
- Desastre do Prestige.** O 4 de decembro o fuel está na boca das Rías Baixas. En Cambados as mulleres preparan redes para facer barreiras contra o avance do fuel; e os mariñeiros saen a recollelo con todo tipo de medios, as mans, trueis, grúas dos barcos...
- As agrupacións de mariscadores e mariscadoras de Cambados empezan cun **plan de preengorde de ameixa** en batea.




Preparando redes para limpar o chapapote



A loita contra a marea negra do Prestige en Cambados e manifestación de alumnados dos centros de ensino





2003:

- Retrasos na apertura das campañas de marisqueo e pesca mentres non se recuperen as zonas afectadas polos vertidos do Prestige.
- Presenza da Confraría de Cambados en foros internacionais (Bruxelas, Brest...) sobre o papel da muller no traballo do mar.
- Crise na flota do cerco pola case total ausencia de capturas.

2004:

- Eleccións na Confraría, con empate entre as dúas candidaturas presentadas, nomeamento de xestora e repetición de comicios. O proceso durou dende primeiros de ano ata o mes de outubro. **Benito González Sineiro** é reelixido patrón maior.
- Creación de **Guimatur**, primeira asociación de Galicia formada por mariscadoras e redeiras, convertidas en guías turísticas, que amosarán e explicarán a súa actividade profesional aos visitantes.
- Protestas da xente do mar polos continuos **vertidos da Estación Depuradora** de Augas Residuais dos concellos de Cambados e Vilanova, sita en Tragove.
- Naufraixio do barco de cerco Bahía** – con base en Redondela, pero adscrito á confraría de Cambados – nas Illas Sisargas.
- No mes de maio chegan a Cambados, para traballar en barcos de cerco, quince mariñeiros oriundos de **Perú**, ante a falla de man de obra aquí. Co tempo iría aumentando o número de mariñeiros peruanos que traballan da flota cambadesa.
- A fábrica de xeo triplica a súa produción.
- Rexeneración do banco do Galiñeiro**, para sementar ameixa.

2005:

- Asemblea xeral, en Cambados, da **Asociación Española de Cidades de Pesca** (AECIPE) os días 11 e 12 de marzo.
- Eleccións nas asociacións dos rañeiros e das mariscadoras. Son elixidos, respectivamente, como presidentes **Carlos Manuel Martínez González** e **Isabel Pérez Fernández**.
- A Consellería de Pesca coas confrarías de Cambados, A Illa, Vilanova e O Grove pon en marcha un **proxecto para a recuperación do Bohido**, que se destinará ao libre marisqueo.

-A Confraría de Cambados edita o boletín informativo “**O Pósito**”.
-Continúan os vertidos da EDAR de Corvillón, e a confraría fai un chamamento para facer unha fronte social para loitar contra este problema.

-Pecha a fábrica de **Alimentos Arosa**, en San Tomé, e trasládase ao polígono de Sete Pías.

-**Encontro de Embarcacións Tradicionais en Cambados**, do 6 ao 9 de xullo.

-A Confraría presenta máis de 800 de solicitudes de axuda polos **danos do Prestige**.



Alimentos Arosa

2006:

-A Consellería de Pesca **veda a extracción do relojito** por ter chumbo e non ser apto para o consumo. En contrapartida levantará a prohibición de traballar coa forquilla. No mes de decembro Pesca permite coller relojito no Galiñeiro.

-Viaxe de representantes da Confraría a Bruxelas para **promover a vieira**.

-Poderán sumarse máis empresas ao plan de evisceración da vieira.

-Descontento e polémica coas axudas pola catástrofe do Prestige, que nalgúns sectores se consideran discriminatorias.

Encontro de Embarcacións Tradicionais





O Saco de Fefiñáns e o peirao de Tragove

2007:

- Ampliación da EDAR** e reparación do emisario submarino.
- As mariscadoras empezan cun **plan experimental de aproveitamento da lapa**.
- Empezan as **obras de remodelación e ampliación do edificio social da Confraría**.
- Viaxes de promoción de produtos e intercambio de experiencias con **Bretaña e Cerdeña**.
- A Consellería de Pesca constrúe en Tragove unha **base para a loita contra a contaminación**.
- A Confraría e a empresa Vieira de Galicia instalan no porto de Tragove un posto de venda directa ao público de vieira fresca, ante a elevada demanda dos consumidores.
- Mariñeiros procedentes de **Senegal** incorpóranse á flota cambadesa de cerco.

2008:

- A **construción dunha planta de rodaballo** no porto de Tragove preocupa no sector marisqueiro, pola posibilidade de vertidos de augas residuais.
- Colocación dun pantalán** no mesmo porto para servizo dos barcos bateiros.
- Protesta de bateiros porque a Consellería de Pesca non contempla o porto de Tragove como porto de desembarco de mexillón. A Consellería corrixe o erro.
- Portos de Galicia concede unha parcela na zona portuaria a unha empresa para instalar unha planta de evisceración de vieira.
- Benito González Sineiro**, reelixido de novo patrón maior da Confraría.

2009:

- O anuncio por parte da Consellería de Mar da **construción dunhas comportas no Saco de Fefiñáns**, co obxecto de regularizar as mareas para a práctica de deportes náuticos, orixina as primeiras protestas e peticións de información polo que poida significar para os bancos marisqueiros.
- Carlos Martínez González** é reelixido presidente da Asociación Profesional de Mariscadores de Vara.



Porto de Tragove (2006)

Entra en funcionamento a **piscifactoría de rodaballo**.

-Benito González Sineiro é elixido **presidente da Federación Galega de Confrarías**.

-Os rañeiros de Cambados sementan no Galiñeiro, Monzón e Meloxo.

2010:

-**Alta mortalidade (70%) de berberecho no Serrido** por mor das riadas do inverno.

-A Xunta presenta en Cambados, na Confraría, o **Plan de Saneamento Integral da Ría de Arousa**.

-Botadura dun barco multiusos (traslado semente, traballos de limpeza, arado de fondos, vixilancia...) para servizo da Confraría.

-**Isabel Pérez Fernández** é reelixida presidenta da Asociación de Mariscadoras.

-Ecologistas e 140 mariscadoras solicitan por escrito información sobre o proxecto das comportas do Saco de Fefiñáns.

-Portos licita as obras das comportas sen informe de impacto ambiental.

-A Confraría vai participar por primeira vez na **comercialización da vieira**.

2011:

-As mariscadoras de Cambados plantan o seu traballo de limpeza no Saco de Fefiñáns, e maniféstanse para esixir que se celebre a reunión informativa sobre o proxecto da construción das comportas. Uns días despois celébrase dita asemblea informativa na confraría con asistencia de técnicos da Xunta, e a gran maioría séguese opoñendo ao proxecto.

-O presidente da asociación de vieireiros declara que a actual campaña da vieira foi a peor dende o ano 2002, e que hai unha total ausencia da mesma fóra da ría.

2012:

-A Confraría de Cambados, coas empresas Mariscos Veiró e Mar Ambroa, constitúen a sociedade **Porto de Cambados**, que se encargará de todo o proceso produtivo da vieira, dende a recollida ata a evisceración e comercialización.



- O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente outórgalle a Guimatur un dos **premios á excelencia e innovación** para mulleres rurais, sendo presidenta M^a Xosé Cacabelos.
- A Confraría amplía o seu plan de venda directa ao polbo, lura e zamburiña.
- Nunhas xornadas de estudo coa Universidade de Vigo, a Confraría plantexa a necesidade de integrar prácticas de traballo no mar nas ensinanzas de formación profesional.



2013:

- O Concello dá luz verde ao proxecto de **obras de recolleita de vertidos no Saco de Fefiñáns** (1^a fase).
- No porto de Tragove retómanse as **obras do peirao interior para barcos de cerco**, fronte a fábrica de xeo, despois de dez anos paralizadas.
- Expediente de regulación de emprego na Confraría, con redución de xornada laboral e salarios, por un ano.
- Para cubrir 25 prazas de mariscador/a optan 175 persoas.

2014:

- Apesar da oposición da maioría das mariscadoras e co beneplácito dos órganos xestores da confraría á construción das comportas, créase unha comisión para controlar o funcionamento da futura comporta que se está a construír no Saco de Fefiñáns, formada por representantes de Portos, Concello e Confraría.
- Paro de toda a flota do cerco de Galicia** en protesta contra o reparto da xarda. En Cambados paran tamén os demais barcos e as mariscadoras.
- Eleccións en tódalas confrarías de Galicia para a renovación dos seus órganos xestores. En Cambados é elixido patrón maior **Ruperto Costa Fernández**, primeira vicepatroa **M^a Xosé Cacabelos Domínguez** e segundo vicepatrón **Carlos Martínez González**. Elíxense tamén os presidentes das Agrupacións de Marisqueo a pé (M^a Xosé Cacabelos, Domínguez) e a Flote (José Benito Cacabelos Romero).
- A Plataforma para a Defensa da Ría de Arousa, con bateeiros e confrarías, asinan un escrito dirixido á Xunta de Galicia pedindo información sobre a **situación das augas da ría e escaseza de marisco**, e que se tomen as medidas correctoras necesarias.



2015:

-Forte contestación na ría de Arousa, e en toda Galicia en xeral, ao **proxecto de Lei de Acuicultura**.

-A Confraría de Cambados subscribe un **convenio con Abanca**, que permite que os rañeiros poidan acceder a créditos de baixo interese para facer fronte á difícil situación económica poa que están pasando.

2016:

-Nove autobuses postos pola Confraría levan a mariñeiros e mariscadoras de Cambados a participar en Santiago nunha manifestación contra a Lei de Acuicultura.

2017:

- Complétanse instalacións no porto de Tragove:
- Xestiónase a concesión dunha batea para preengorde de ameixa
- Adquírense máquinas clasificadoras para ameixa, chopo...
- Comézase a construción dun pantalán no peirao de san Tomé.
- Celebración do centenario da creación do Pósito.



Representación de Cambados na manifestación en contra da Lei de Acuicultura.



Nave multiusos para tratamento de moluscos



Acto inaugural das Xornadas con motiv da celebración do Centenario



Nova maquinaria na lonxa

A Confraría de Cambados en 2017

SOCIOS/AS TOTAIS: 565

EMPRESARIOS: 201

cercos: 15
pesca baixura: 86
marisqueo a flote: 100

TRABALLADORES/AS: 364

marisqueo a pé: 196
pesca baixura e marisqueo a flote: 168

EMBARCACIÓNS TOTAIS: 252

embarcacións de 4ª lista: 29
embarcacións de 3ª lista: 222
embarcacións de cerco: 21
embarcacións de pesca de baixura/artes
menores: 86
embarcacións de marisqueo a flote: 115





Vistas aéreas dos peiraos de Cambados en distintas épocas



PRESIDENTES DO “PÓSITO PESCADOR DE LA RIA DE AROSA”

- Juan Salgado Pérez (1917-1921)
- José Francisco Otero Pontevedra (1921...)
- Jesús Romero (...)
- Pablo Millán Bugallo (1925)
- José Otero Lois (1926)
- Elías Núñez Dozo (1927-1928)
- Antonio Cacabelos Ojea (1929)
- Juan Cacabelos Búa (1930)
- Conrado Leiro Ribadomar (1931-1932)
- Antonio Chaves del Río (1933)
- Ricardo Rey Vázquez (1934-1935)
- Elías Núñez Dozo (1936)
- Antonio Cacabelos Búa (1936-1941)
- Manuel Casais López (1941-1943)

PATRÓNS MAIORES DA “CONFRARÍA SINDICAL* DE PESCADORES SAN ANTONIO”

- Pablo Millán Bugallo (1944-1945)
- Antonio Cacabelos Ojea (1945-1948)
- Eugenio Domínguez Barros (1949-1956)
- José Antonio Costa Ares (1957-1961)
- Eladio Abal Hermida (1962-1970)
- Ramón Paz Cousido (1970-1975)
- Egidio Varela González (1976-1983)
- José Severino Trigo Durán (1983-1987)
- José Sineiro Cacabelos (1988-1995)
- Julio Dozo Gómez (1995-1999)
- Benito González Sineiro (1999-2014)
- Ruperto Costa Fernández (2014...)

* A partires de 1978 a Confraría perde o cualificativo de sindical.



Peirao de Tragove, novembro 1917

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO COSTA, JOSÉ. *Memorias da miña vida societaria*. Dirección Xeral de Formación Pesqueira e Investigación. A Coruña. 2000.
- ÁLVAREZ CASTRO, XOSÉ. *Pontevedra nos anos do medo*. anosdomedo.blogspot.com. 2013.
- ARNAIZ, RICARDO e DE COO, ALBERTO. *Artes de marisqueo*. Plan de Explotación Marisqueira de Galicia. 1977.
- ANSOLA FERNÁNDEZ; ALBERTO. *Una pesca feliz: A propósito de Alfredo Saralegui y sus Pósitos de Pescadores (1915-1936)*. VIII Congreso de la Asociación Española de Historia Económica. 13-16 setembro de 2005. Galicia.
- CAAMAÑO BOURNACELL, JOSÉ. *Cambados a la luz de la historia*. Imprenta Paredes. Santiago. 1933.
- CALO LOURIDO, FRANCISCO. *Creación dos gremios do mar do Grove en 1771 e de Portonovo en 1772*. Revista Aunios, nº 3. O Grove. 2001.
- DOMÍNGUEZ PEDREIRA, JACOBO. *A Segunda República en Cambados*. Candeia. Cambados. 2004.
- FERNÁNDEZ REI, FRANCISCO e DÍAZ MARTÍNEZ, CARLOS. *A memoria de Cambados*. Edicións Xerais. Vigo. 2005.
- PEREIRA, DIONISIO. "Asociacionismo e conflitividade na Galiza mariñeira (1870-1936)" en *Os conquistadores modernos. Movemento obreiro na Galicia de anteguerra*. Ed. A Nosa Terra. Vigo. 1992.
- PEREIRA, DIONISIO. *Sindicalistas e rebeldes*. Ed. A Nosa Terra. Vigo. 1998.
- PÓSITO DE PESCADORES DE CAMBADOS. *Memoria del cuarto trimestre de 1936. Años de 1937-1938-1939 y primer semestre de 1940*. Imprenta La Competidora. Vigo. 1940.
- SARALEGUI CASELLAS, ALFREDO. *La labor de la Caja Central del Crédito Marino*. Conferencia na Asemblea de Pesca Vasca. Sociedad de Estudios Vascos. San Sebastián. S/d.
- SILVA FERREIRO, MANUEL, *Galicia y el Movimiento Nacional*. Imprenta do Seminario Concilar. Santiago de Compostela. 1938.
- VV. AA. *O mar en Cambados*. Confraría de Pescadores de Cambados. 2001.
- VV. AA. *Cambados. O mar*. Confraría de Pescadores de Cambados. 2006.
- ¿?. *Crónica de la peregrinación del Arciprestazgo de Salnés a la Divina Pastora de Cambados*. Tipografía Regional. Tuy. 1904.



Peirao de Cambados, novembro 1917

PRENSA

Boletín Oficial del Estado. Madrid.

Boletín Oficial de la Provincia. Pontevedra.

Diario de Arousa. Vilagarcía de Arousa. 2000-2017.

Diario de Pontevedra. Pontevedra. 1897-1939 e 1965-1980.

El Correo de Galicia. Buenos Aires. 1918-1919.

El Noticiero gallego. Pontevedra. 1936-1939.

El Progreso. Pontevedra. 1917-1920.

El Pueblo Gallego. Vigo. 1917-1971.

España Marítima. Madrid. 1926-1930.

España Marítima y Pesquera. Madrid. 1930-1936.

Faro de Vigo. Vigo. 1930-2017.

Galicia Nueva. Vilagarcía de Arousa. 1917-1933.

La Voz de Galicia. A Coruña. 1970-2017.

Mar. Boletín informativo de la Federación Gremial de Pósitos Marítimos del Oeste de España. Vigo. 1939.

Revista Católica de las Cuestiones Sociales. Madrid. 1897.

ARQUIVOS

Arquivo Municipal de Cambados

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra

Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela

Arquivo da Confraría de Pescadores “San Antonio” de Cambados



"SAN ANTONIO"
CAMBADOS